

**PLAN**

**DE**

**CONVIVENCIA**

**C.E.I.P PONTE DE XUVIA**

ANO 2023

# INDICE

## **1.INTRODUCCIÓN**

---

## **2.XUSTIFICACIÓN DO PLAN.**

---

2.1. Principios básicos para un Plan de Convivencia

---

## **3.SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

---

3.1. Análise Inicial.

---

3.2. Situación da convivencia

---

3.3 Resposta do Centro a esta situación

---

## **4. OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA**

---

4.1. Xerais

---

4.2. Específicos derivados da análise previa

---

## **5. ACTUACIÓNS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**

5.1. Actuacións xerais

5.2.Actuacións preventivas

5.2.1.Programas para a adquisición de habilidades de interacción social

5.2.2. Programa habilidades sociais (D.O) Anexo

5.2.3. Programa de Acollida

5.2.4. Acoso escolar e ciberacoso

---

## **6. NORMAS DE CONVIVENCIA**

---

6.1. Normas

6.2. Dereitos e deberes

---

## **7. CONDUCTAS CONTRARIAS A CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN**

7.1. Aspectos Xerais

7.2. Tipos

7.2.1. Conductas leves contrarias á convivencia

7.2.2. Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia

7.2.3. Rexistro de condutas contrarias a convivencia

---

---

### 7.3. CORRECCIÓN DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA

7.3. Corrección de conductas contrarias á convivencia

7.4. Procedementos de corrección das conductas gravemente perxudiciais.

7.5. Procedemento Conciliado

7.6. Procedemento Común

7.7. Compromisos educativos para a convivencia

7.8. Prescrición das condutas e das medidas correctoras

7.9 Corrección de condutas contrarias a convivencia

### **8. CREACIÓN E FUNCIONAMENTO DA: COMISIÓN DE CONVIVENCIA, AULA INCLUSIVA, ESCOLA DE PAIS E NAIS.**

### **9. CONCRECIÓN DAS PERSOAS OU DOS ÓRGANOS RESPONSABLES E DOS PROGRAMAS QUE SE VAN A SEGUIR PARA O SEU DESENVOLVEMENTO E EXECUCIÓN.**

### **10. RECURSOS.**

### **11. REVISIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA.**

## **1.- INTRODUCCIÓN**

O CEIP Ponte de Xuvia conta con 10 unidades (3 de E.I. e 7 de E.P.), atópase situado no Concello de Narón (A Coruña). A súa poboación (40.000 habitantes) está diseminada ao longo das sete parroquias que conforman o concello.

A maioría do alumnado do centro vive no entorno inmediato ao mesmo, e a maioría das familias pertence a unha clase media na que traballan o pai, a nai ou os dous, pero tamén hai unha minoría que vive de axudas institucionais. A súa economía está relacionada cos sectores industriais e servizos, aínda que tamén hai unha estreita relación co sector naval debido a súa proximidade a Ferrol.

Tal e como figura no PEC, o propósito do CEIP Ponte de Xuvia é formar persoas nos ámbitos intelectual, moral e cívico, que sexan capaces de incorporarse con garantías nas seguintes etapas de formación e no medio social no que viven, baseándose nunha aprendizaxe significativa e individualizada, potenciando a autoestima, e educando para a tolerancia e a solidariedade.

O enfoque da convivencia no noso centro te nunha visión constructiva polo que as actuacións van encamiñadas a promover o crecemento integral da persoa, o desenvolvemento de comportamentos axeitados para convivir mellor, previr e crear actitudes positivas para os demais, resolver os conflitos a través do diálogo e da prevención de problemas de conduta.

Non queremos limitar a convivencia a elementos organizativos, senón tamén, e sobre todo, a desenvolver contidos que contribúan á formación do alumnado.

Entendemos a convivencia e a participación como parte da aprendizaxe. Non consideramos a convivencia como unha mera aplicación de medidas disciplinarias, senón como un dos obxectivos da educación.

Pretendemos desenvolver nos alumnos unha serie de valores e habilidades de comunicación e de relación social. Aínda que haxa unha boa xestión global da convivencia, os problemas aparecerán porque son propios de calquera sistema de relacións humanas, pero a prevención contribúe a reducilos.

Cando sexa necesaria unha corrección ou sanción terá un propósito formativo, de modo que se garanta tanto o bo funcionamento xeral como a socialización ordenada e autónoma do individuo cuxa conduta requira a aplicación de medidas disciplinarias.

O plan de convivencia integrará o principio de igualdade entre mulleres e homes e establecerase sobre a base dun diagnóstico previo no que se terán en conta: os resultados acadados polo centro a través do "Informe sobre os cuestionarios do centro" no que participaron os distintos sectores da comunidade educativa, as necesidades, os obxectivos, as directrices básicas de convivencia e actuacións, incluíndo a mediación na xestión dos conflitos; así como as actuacións preventivas, reeducadoras e correctoras.

Abordarase ao longo do curso calquera incidencia que altere a convivencia no centro tanto co alumnado implicado como coa súa familia, se procede. Nós propoñemos fomentar os valores democráticos para a convivencia: a tolerancia, a igualdade, a xusticia, a aceptación da diversidade, a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta, etc.

## **2.- XUSTIFICACIÓN DO PLAN DE CONVIVENCIA:**

Tal e como contempla o Artigo 4º do DECRETO 155/2022, do 15 de setembro, polo que se establece o currículo da educación primaria na Comunidade Autónoma de Galicia.

A educación primaria contribuirá a desenvolver nos nenos/as as capacidades que lles permitan:

a) Coñecer e apreciar os valores e as normas de convivencia, aprender a obrar de acordo con elas de forma empática, prepararse para o exercicio activo da cidadanía e respectar os dereitos humanos, así como o pluralismo propio dunha sociedade democrática.

b) Desenvolver hábitos de traballo individual e de equipo, de esforzo e de responsabilidade no estudo, así como actitudes de confianza en si mesmo, sentido crítico, iniciativa persoal, curiosidade, interese e creatividade na aprendizaxe, e espírito emprendedor.

c) Adquirir habilidades para a resolución pacífica de conflitos e a prevención da violencia, que lles permitan desenvolverse con autonomía no ámbito escolar e familiar, así como nos grupos sociais con que se relacionan.

d) Coñecer, comprender e respectar as diferentes culturas e as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos e oportunidades de homes e mulleres e a non discriminación de persoas por motivos de etnia, orientación ou identidade sexual, relixión ou crenzas, discapacidade ou outras condicións.

A Lei orgánica 2/2006 de educación (LOE) , do 30 de decembro, na Exposición de motivos, propón *o exercicio da tolerancia e da liberdade, dentro dos principios democráticos de convivencia e a prevención de conflitos e a resolución pacífica dos mesmos*, sinalándoo como un dos fins do sistema educativo. E no seu artigo sesenta e dous. Modifícanse os números 1 e 2, engádense dous novos números 2 bis e 2 ter e suprimense os números 7 e 8 do artigo 121, que queda redactados nos seguintes termos: «1. O proxecto educativo do centro recollerá os valores, os fins e as prioridades de actuación, incorporará a concreción dos currículos establecidos pola Administración educativa, que corresponde fixar e aprobar ao claustro, e impulsará e desenvolverá os

principios, obxectivos e metodoloxía propios dunha aprendizaxe competencial orientada ao exercicio dunha cidadanía activa. Así mesmo, incluírá un tratamento transversal da educación en valores, do desenvolvemento sustentable, da igualdade entre mulleres e homes, da igualdade de trato e non discriminación e da prevención da violencia contra as nenas e as mulleres, do acoso e do ciberacoso escolar, así como a cultura de paz e os dereitos humanos. O proxecto educativo do centro recollerá, así mesmo, a estratexia dixital do centro, de acordo co establecido no artigo 111 bis.5.»

«2. O dito proxecto estará enmarcado nunhas liñas estratéxicas e terá en conta as características do contorno social, económico, natural e cultural do alumnado do centro, así como as relacións con axentes educativos, sociais, económicos e culturais do contorno. O proxecto recollerá, ao menos, a forma de atención á diversidade do alumnado, medidas relativas á acción tutorial, os plans de convivencia e de lectura, e deberá respectar os principios de non discriminación e de inclusión educativa como valores fundamentais, así como os principios e obxectivos recollidos nesta lei e na Lei orgánica 8/1985, do 3 de xullo, reguladora do dereito á educación, especificando medidas académicas que se adoptarán para favorecer e formar na igualdade, particularmente de mulleres e homes.»

No apartado correspondente ao **Plan de Acción Tutorial** do noso centro, figura que a súa finalidade última é ensinar aos nosos alumnos/as a ser persoas, a pensar, a convivir e a comportarse. É dicir, debe ir encamiñada cara ao logro das capacidades formuladas nos obxectivos de etapa, actuando como eixe integrador do proceso de desenvolvemento integral do alumno/a.

### • **2.1 Principios básicos para o plan de convivencia**

Entendemos a convivencia como a capacidade de interactuar cos diferentes grupos sociais de maneira asertiva, respectando os dereitos dos outros e mantendo a amizade.

➤ Partimos de que un plan de convivencia ten que deseñarse sobre obxectivos preventivos.

➤ A actitude coa que se afronta un conflito é máis importante ca do conflito mesmo.

➤ Os esforzos deben centrarse na buscar de solucións cun talante de colaboración e de flexibilidade.

➤ Partimos do respecto como un dos piares fundamentais facilitadores da convivencia no noso centro.

### **3- SITUACIÓN DA CONVIVENCIA NO CENTRO**

#### **3.1 Análise inicial**

A convivencia no noso centro está presente, ademais de neste documento, no proceso de ensino-aprendizaxe, no Plan de Acción Titorial e nas NOFC. O traballo coordinado do equipo docente será importantísimo, establecendo as normas co grupo desde o inicio do curso, as medidas que se tomarán como sancións e como reforzos positivos. As decisións tomadas serán transmitidas ás familias, para que coñezan e apoiem nas casas as normas que se traballan no centro. A acción titorial é un instrumento de gran importancia para desenvolver a convivencia; a través dela, o profesorado pode dispoñer: dinámicas de consolidación do grupo-clase, achegar información ao profesorado e ás familias, desenvolver actitudes de comunicación, intercambio e coñecemento mutuo, de habilidades sociais, de formas de recoñecerse a si mesmos coas súas emocións e comportamentos así como de expresar as súas opinións.

#### **3.2 Situación da convivencia**

Para a análise e diagnóstico da situación do contexto, partimos dos datos recollidos a través da aplicación informática "**convivenciaxestion**". Esta acción enmarcase dentro da estratexia Galega de Convivencia Escolar 2021-2025.

Na actualidade o clima de convivencia no Centro é bo, non existen problemas de disciplina que poidan considerarse graves tal e como queda refrendado cos datos anteriormente mencionados. Aparece de vez en cando algún conflito esporádico, que soe solucionarse a través da titoría ou coa intervención da xefatura do departamento de orientación.

Os tipos de conflitos máis frecuentes son :

- Irrupción na aula: chegar tarde a clase non respectando os horarios. falar a destem-po interrompendo o normal desenvolvemento da clase, ...
- Esquecer o material necesario para as actividades de clase.
- Perda de respecto entre iguais durante o recreo.
- Desobediencia as ordes educativas-formativas do mestre-familia.
- Pelexas, empurróns, agresións verbais ou insultos no tempo de lecer.



### **3.3.Respostas do centro a estas situacións:**

- Os titores resollen os conflitos con diálogo e pactando cos seus alumnos as normas que contribúan a boa marcha da clase.

- O Equipo Directivo apoia este labor reforzando as medidas correctoras aplicadas.

- Infórmase aos pais, permanentemente, dos conflitos ben no momento que xorde ou ben nas reunións dos titores.

Cando xurde algún problema, aplícase o seguinte procedemento:

1. Falar co alumno/a ou cos implicados.

2. Intentar que se aclaren as cousas.

3. Facer as paces, pedirse perdón, se é unha situación de pelexa ou insulto.

4. Segundo a gravidade

- Amoestación só.

- Quedarse sen recreo e facer algún traballo relacionado co conflito (por exemplo escribe tres razóns para non insultar, os pequenos que fagan un debuxo...)

- Chamar aos seus pais para que teñan coñecemento do acontecido.

- Se é máis grave, e é reiterativo, poñer en marcha os procedementos recollidos nas normas de convivencia.

## **4.- OBXECTIVOS DO PLAN DE CONVIVENCIA**

### **4.1. Obxectivos xerais**

**A norma xeral** será a de mellorar sempre a convivencia no Centro, e **previr** os posibles conflitos que poidan xurdir, para iso propóñense os seguintes obxectivos:

- Conseguir a integración de todo o alumnado sen discriminación por razón de nacemento, raza, sexo, idade, crenza ou relixión.

- Fomentar a implicación das familias tanto na transmisión de valores aos seus fillos, como na súa participación nas actividades do centro e na colaboración na tarefa educativa.

- Previr os conflitos dentro e entre os distintos sectores da Comunidade educativa.

- Fomentar a existencia de actividades, espazos e tempos comúns para facilitar a convivencia entre o alumnado.

- Previr unha atención específica ao alumnado que, por diversas causas, presente comportamentos que alteren a convivencia no centro e a daqueloutro alumnado que padece as súas consecuencias.

- Colaborar coa ANPA, na organización de actividades dirixidas á formación das familias que contribúan á educación dos seus fillos e fillas.

- Colaborar co Concello fomentando a participación da comunidade educativa en todas aquelas actividades que organice e que contribúan a mellorar a convivencia. Escola de pais e nais.

- Desenvolver unha axeitada coordinación do equipo docente para creara un bo clima de convivencia na aula. Establecerase sobre o esencial, marcando unha actuación coherente e unha mesma liña de traballo.

- Priorizar a acción tutorial como instrumento para desenvolver a convivencia.

#### **4.2. Obxectivos específicos**

- Facer que o alumnado se sinta acollido, considerado e seguro.
- Adquirir as competencias necesarias para lograr unhas relacións sans consigo mesmo, cos demais e co medio.

- Formar aos alumnos no respecto á dignidade persoal, na tolerancia, na non discriminación e no exercicio da liberdade responsable.

- Previr o acoso entre iguais.
- Protexer ao alumno contra a agresión física e moral.
- Educar na equivocación e na frustración.
- Involucrar ao entorno social.
- Fomentar a resolución pacífica de conflitos.
- Evitar condutas de menosprezo e intolerancia, respectando as diferentes culturas, as diferenzas entre as persoas, a igualdade de dereitos, a igualdade de oportunidades e a non discriminación de persoas nin por discapacidade nin por outros motivos.

## **5- ACTUACIÓNS PROGRAMAS E MEDIDAS PARA FAVORECER A CONVIVENCIA**

### **5.1. Actuacións xerais**

Con carácter xeral intentarase realizar cada curso escolar as seguintes actividades:

1. Debate e discusión das Normas de Convivencia en cada titoría. ( 2ª quincena de setembro) e no momento que xurda a necesidade.
2. Elaboración das normas de cada clase baseadas nas normas xerais de convivencia do Centro. Han de ser poucas, claras, e avaliábeis.
3. Consensuar e coñecer as accións reparadoras que serán proporcionadas e, a vez, próximas no tempo.
4. Comunicación aos pais de cada titoría das devanditas normas.
5. Traballar na titoría a forma de proceder para evitar que se dea maltrato, acoso, ciberacoso ou intimidación entre iguais.
6. Traballar cos pais, mediante charlas informativas, as estratexias máis recomendábeis para favorecer a resolución de conflitos.
7. Traballarase en cada titoría, sempre que se considere oportuno, todo o que potencia as boas relacións do grupo e da clase.
8. Fomentar os valores democráticos: a tolerancia, a igualdade, a xustiza, a aceptación da diversidade, a non discriminación, e a resolución de conflitos de forma pacífica e non violenta.

## 5.2.Actuacións preventivas

### 5.2.1. Programas para a adquisición de habilidades de interacción social

Plan anual de amabilidade	Ed.Infantil	1º 2º EP	3º 4º EP	5º 6º EP
Prestar os xoguetes.	✓			
Acompañar ao baño	✓			
Saúdar e despedirse	✓			
Ceder o sitio.	✓			
Pedir axuda e dala.	✓			
Agradecer os favores que che fan.	✓			
Alabar as cualidades axenas	✓			
Defender os seus dereitos correctamente	✓	✓	✓	✓
Pedir perdón e perdoar.	✓	✓		
Mirar á cara e saúdar.	✓	✓	✓	✓
Decir “por favor e “gracias”	✓	✓	✓	✓
Dramatizar situacións de amabilidade.		✓		
Evitar palabras e xestos que poidan ofender.		✓	✓	✓
Interesarse polos demais cando teñan algún problema.			✓	
Pedir e aceptar disculpas.			✓	✓
Tratar con respecto a todos.		✓	✓	✓
Evitar as malas contestacións			✓	✓
Ceder o paso a compañeiros e adultos.			✓	

<b>Plan anual para o diálogo</b>	<b>Ed.Infantil</b>	<b>1º 2º EP</b>	<b>3º 4º EP</b>	<b>5º 6º EP</b>
Saber presentarse	✓			
Estar atento cando fala un compañeiro.	✓	✓		
Aprender o nome da xente coa que trata.	✓			
Falar sen interromper.	✓	✓		
Falar con respecto, non molestar	✓			
Reflexionar e falar consigo mesmo.	✓	✓		
Adoptar posturas correctas (mirar para a persoa coa que se fala)	✓	✓	✓	✓
Escoitar	✓	✓	✓	✓
Levantar a man (respectar os turnos)	✓	✓	✓	✓
Dramatización de situacións conflictivas e solución mediante o diálogo.		✓		
Pedir perdón para interromper unha conversa.		✓	✓	✓
Falar con naturalidade, sen berrar.		✓	✓	✓
Utilizar o diálogo para resolver problemas.		✓	✓	✓
Mostrar interese polo que din os demais.			✓	✓
Respectar as opinións e as propostas dos demais.		✓	✓	✓
Ceder a palabra.		✓	✓	✓

<b>Plan anual para a relación co adulto</b>	<b>Ed.Infantil</b>	<b>1º 2º EP</b>	<b>3º 4º EP</b>	<b>5º 6º EP</b>
Felicitar as actuacións positivas.	✓			
Diálogos.	✓			
Preocuparse polo estado de ánimo dos demais.	✓			
Pedir axuda	✓			
Colaboración en pequenas tarefas.	✓	✓		
Consensuar as normas entre todos.	✓	✓	✓	✓
Non contestar con malos modos ao adulto.	✓	✓	✓	✓
Falar con tonos adecuados.	✓	✓	✓	✓
Poñerse á súa altura.	✓			
Obedecer aos pais.		✓	✓	✓
Obedecer aos mestres.	✓	✓	✓	✓
Obedecer ás persoas maiores.		✓	✓	✓
Gardar silencio cando se explica.	✓	✓	✓	✓
Atender na clase e seguir as orientacións do profesorado.		✓	✓	✓
Tratar ao persoal do centro con respecto		✓	✓	✓
Tratar con respecto aos maiores.		✓	✓	✓
Escoitar os seus consellos.		✓	✓	✓

<b>Plan anual para facer amigos</b>	<b>Ed.Infantil</b>	<b>1º 2º EP</b>	<b>3º 4º EP</b>	<b>5º 6º EP</b>
Compartir as cousas.	✓	✓	✓	✓
Ser amistoso.	✓			
Xogar cos compañeiros sen violencia.	✓	✓	✓	✓
Pedir desculpas.	✓	✓	✓	✓
Falar cos compañeiros	✓	✓	✓	✓
Se alguén te molesta decir que non o debe facer.	✓	✓	✓	✓
Interesarse polo que lle ocorre aos outros compañeiros	✓	✓	✓	✓
Chamar aos compañeiros polo seu nome sen motes nin insultos.	✓	✓	✓	✓
Non falar mal dos compañeiros		✓	✓	✓
Vivenciar como se senten os outros cando son criticados		✓	✓	✓
Axudar para que despois che axuden.		✓		
Colaborar participando nos xogos.		✓		
Respectar as cualidades, gustos, intereses e opinións dos demais sen impoñer os nosos		✓	✓	✓
Colaborar e axudar aos amigos e compañeiros		✓	✓	✓

<b>Plan anual relacionado cos sentimentos</b>	<b>Ed.Infantil</b>	<b>1º 2º EP</b>	<b>3º 4º EP</b>	<b>5º 6º EP</b>
Intentar poñerse no lugar do outro.	✓	✓	✓	✓
Decir verbas amables.	✓	✓	✓	✓
Falar de diferentes situacións.	✓			
Axudar a quen esté triste, enfadado, molesto e asustado	✓			
Observar a cara dos compañeiros para saber que emoción ten	✓			
Expresar as emocións.	✓			
Contar emocións doutros membros da familia	✓			
Recoñecer certos sentimentos.	✓			
Dramatizacións.	✓			
Realizar os traballos con bo humor, alegría, optimismo...		✓	✓	✓
Potenciar a autoestima		✓	✓	✓
Ser capaces de amosar os nosos sentimentos e respectar os sentimentos dos demais.		✓	✓	✓
Saber controlar as emocións en situacións conflictivas, evitando enfados, reaccións iradas ...			✓	✓
Superar situacións de conflitos co diálogo.			✓	✓



### **5.2.2. Programa habilidades sociais (D.O) Anexo**

O departamento de orientación será o encargado de elaborar un programa de habilidades e competencias sociais que contribúa a adquisición das mesmas e que actuará como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia.

### **5.2.3. Programa de Acollida**

Documento no que se recollen as actuacións encamiñadas a facilitar a incorporación de novas persoas, tanto alumnos como profesorado.

Prestarase especial atención a Ed. Infantil de 3 anos, ao alumnado que se incorpore novo ao centro e ao alumnado inmigrante. Este plan está recollido no NOFC.

### **5.2.4. Acoso Escolar e Ciberacoso**

Considérase acoso escolar calquera forma de vexación ou malos tratos continuados no tempo dun alumno ou alumna por outro ou outra ou outros, xa sexa de carácter verbal, físico ou psicolóxico, incluído o illamento ou baleiro social, con independencia do lugar onde se produza. Terán a mesma consideración as condutas realizadas a través de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan causa nunha relación que xurda no ámbito escolar.

1. O plan de convivencia do colexio incluírá un protocolo para a prevención, detección e tratamento das situacións de acoso escolar.

2. En todo caso, preverase a designación pola persoa titular da dirección do centro dunha persoa responsable da atención á vítima entre o persoal do propio colexio, procurando, cando sexa posible, que a designación recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

3. Cando por razón das circunstancias ou da gravidade da situación de acoso se faga preciso, poderase prever a intervención de persoas mediadoras alleas ao persoal do centro, que serán designadas pola Administración educativa.

4. Nas situacións de acoso escolar detectadas será de aplicación o disposto no “Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento do acoso escolar e ciberacoso”. <http://www.edu.xunta.gal/portal/Educonvives.gal>.

No caso de condutas de especial gravidade, informarase da situación e das medidas aos servizos sociais do correspondente concello, aos servizos especializados do departamento competente en materia de benestar e, se é o caso, á Fiscalía de Menores para facilitar as medidas que lles corresponda adoptar nos seus respectivos ámbitos competenciais.

## **6. NORMAS DE CONVIVENCIA**

As normas de convivencia do centro inclúen dereitos e deberes e son comúns coas NOFC; serán coherentes co marco normativo, comprensibles e funcionais, favorecedoras para a convivencia, serán revisadas periodicamente e serán de obrigado cumprimento.

As medidas correctoras terán un carácter educativo e recuperador, deberán garantir o respecto aos dereitos do resto dos alumnos/as e procurarán a mellora nas relacións de todos os membros da comunidade educativa.

As medidas correctoras deberán ser proporcionadas as faltas cometidas. Aquelas condutas que atenten contra a dignidade persoal de outros membros da comunidade educativa, que teñan como orixe ou consecuencia unha discriminación ou acoso baseado no xénero, orientación ou identidade sexual, ou un orixe racial, étnico, relixioso, de crenzas o de discapacidade, o que se realicen contra o alumnado máis vulnerable polas súas características persoais, sociais ou educativas terán a cualificación de falta moi grave e levarán asociada como medida correctora a expulsión, temporal ou definitiva, del centro.

As decisións de adoptar medidas correctoras pola comisión de faltas leves serán inmediatamente executivas.

Os membros do equipo directivo e os profesores/as serán considerados autoridade pública. Nos procedementos de adopción de medidas correctoras, os feitos constatados por profesores e membros do equipo directivo dos centros docentes terán valor probatorio e desfrutarán de presunción de veracidade «iuris tantum» ou salvo proba en contrario, sen prexuízo das probas que, en defensa dos respectivos dereitos ou intereses, poidan sinalar ou aportar os propios alumnos/as.

O profesorado está facultado para requirir ao alumnado, dentro do recinto escolar e tamén durante a realización de actividades extraescolares e complementarias, a entrega de calquera obxecto, substancia ou produto que porte e que estea expresamente prohibido ou que resulte perigoso para a súa saúde ou integridade persoal ou a dos demais membros da comunidade educativa ou poida perturbar o normal desenvolvemento das actividades docentes, complementarias ou extraescolares.

O requirimento previsto neste punto obriga ao alumno/a requirido á inmediata entrega do obxecto, que será depositado polo profesorado na dirección do centro coas debidas garantías, quedando á disposición da nai, pai ou titor, una vez terminada a xornada escolar

ou a actividade complementaria ou extraescolar, todo iso sen prexuízo das correccións disciplinarias que poidan corresponder.

Prohíbese o uso de teléfonos móbiles e outros dispositivos electrónicos como mecanismo de comunicación durante os períodos lectivos. Agás o uso como ferramenta pedagóxica que os mestres poidan contemplar nas súas programacións didácticas.

## **6.1. NORMAS**

A comunidade educativa do C.E.I.P. Plurilingüe Ponte de Xuvia, a través das canles democráticas de participación, elabora e aproba as seguintes normas de convivencia, recollidas no NOFC:

- Todos os alumnos deberán asistir diariamente a clase con puntualidade, ben aseados, co material preciso e co traballo realizado.
- O alumnado deberá seguir as orientacións do profesorado, mostrándolle sempre o debido respecto e consideración.
- Todos temos dereito a que as nosas opinións sexan escoitadas con respecto e consideración.
- Ningún membro da comunidade educativa pode ser discriminado por razón de nacemento, raza, sexo ou calquera outra circunstancia.
- Todos os alumnos deberán coidar e utilizar correctamente os mobles e instalacións do centro e respectar as pertenzas dos outros membros da comunidade educativa.
- No colexio moderarase o ton de voz, evitando correr e dar voces polos corredores e escaleiras, e debendo entrar e saír sempre con orde.
- Non se debe permanecer nos corredores ou saír aos servizos sen o permiso dun mestre/a.
- Fóra do horario lectivo, o alumnado non pode permanecer nos corredores nin nas clases sen a debida autorización e sempre cunha persoa responsable. Nos recreos, os alumnos/as non poden permanecer nas aulas sen un mestre/a.
- O profesorado deberá atender as demandas e problemas que poidan xurdir nos patios de recreo, para o que se establecerán unhas quendas de vixilancia, así como nas súas sesións no caso dos/as especialistas. Procuraremos que eses problemas queden

solucionados no patio ou nesas sesións para que transcendan o mínimo ás posteriores clases.

- Todos os alumnos/as teñen o dereito e o deber de participar na vida e funcionamento do centro.

- Procurarase que as clases se desenvolvan nun clima cordial e de respecto mutuo.

- Respectaranse os horarios acordados e as actividades responderán aos obxectivos expresados no PEC e no P.C.C.

- Os alumnos deben respectar estas normas de convivencia tanto no período lectivo como nas actividades complementarias e extraescolares, podendo ser amoestados se non cumprisen as normas.

- Toda a comunidade educativa debe respectar o Proxecto Educativo do centro cumprindo as súas normas de convivencia.

## **6.2. DEREITOS E DEBERES DO PROFESORADO**

(Lei 4/2011) Artigo 8. **Dereitos e deberes do profesorado.**

### **DEREITOS**

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver a súa función docente nun ambiente educativo adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar e recibir a colaboración necesaria para a mellora da convivencia escolar e da educación integral do alumnado.

d) A que se lle recoñezan as facultades precisas para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares.

e) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións docentes.

f) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

g) A acceder á formación necesaria na atención á diversidade e na conflictividade escolar e recibir os estímulos máis axeitados para promover a implicación do profesorado

en actividades e experiencias pedagóxicas de innovación educativa relacionadas coa convivencia e a mediación.

h) A ser informado de todo aquilo que incida na vida do centro, e de toda aquela lexislación que afecte á súa función docente.

i) A serlle comunicada, antes que a ninguén, calquera queixa que haxa sobre eles/as ou sobre a súa actuación.

l) Os mestres/as, no exercicio das funcións directivas e organizativas, docentes e de corrección disciplinaria, teñen a condición de autoridade pública.

m) No exercicio da función de corrección disciplinaria, o profesorado ten a presunción de veracidade (en documentos escritos de xeito regulamentado).

n) A requirir do alumnado, dentro do recinto escolar, a entrega de calquera obxecto que porte que estea prohibido polas normas do centro.

#### DEBERES:

a) Respetar e facer respetar as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Adoptar as decisións oportunas e necesarias para manter un adecuado ambiente de convivencia durante as clases e as actividades e os servizos complementarios e extraescolares, corrixindo, cando lle corresponda a competencia, as condutas contrarias á convivencia do alumnado ou, no caso contrario, poñéndooas en coñecemento dos membros do equipo directivo do centro.

c) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

d) Informar ás nais e pais ou ás titoras ou titores sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos ou fillas ou pupilos ou pupilas, cumprindo as obrigas de dispoñibilidade dentro do horario establecido no centro para a atención a aqueles que lle imponha a normativa aplicable.

e) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sigilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

f) Puntualidade, respectando o horario establecido, procurando que o alumnado entre nas aulas con orde e corrección.

g) Respetar ao alumnado así como aos compañeiros/as, pais/nais e persoal non docente.

h) Crear nas clases as condicións necesarias para facer posible o proceso de ensinanza-aprendizaxe.

i) Procurar que o alumnado manteña limpa a clase e calquera outra dependencia do centro.

l) Impoñer sancións leves ao alumnado da súa clase de acordo co NOF, informando das condutas graves ao xefe/a de estudos, director/a e informar ao profesor/a titor/a correspondente, no caso en que o alumno/a non dependa da súa titoría.

m) Controlar e revisar as cualificacións obtidas, informando ao alumnado e ás familias, amosando as probas, no caso de que estes/as o soliciten. Estas probas en ningún caso poderán saír do Centro, salvo que o profesor/a o considere oportuno.

n) Dar información ao profesor/a titor/a do alumnado ou grupo de alumnos/as sobre aspectos académicos e de comportamento sempre que este llo solicite. Dar información e participar na toma de decisión nas sesión de avaliación.

ñ) Non saír da clase sen causa xustificada nin ausentarse do centro sen coñecemento do xefe/a de estudos, do director/a ou de quen legalmente o/a substitúa.

o) Gardar o sigilo profesional correspondente a tanta información sensible referente ao alumnado, familias, profesorado ou información coñecida nos órganos colexiados.

p) Levar control de asistencia á clase do alumnado.

q) Manter entrevistas persoais co seu alumnado e pais/nais tantas veces sexa necesario no tempo asignado nos horarios prescritos da PXA e tendo á súa disposición os datos académicos do interesado/a.

r) Dar a coñecer ao alumnado as normas de convivencia.

s) Realizar as programacións de aula tendo en conta as concrecións curriculares do P.E.

t) Realizar a avaliación do seu traballo escolar ao remate do curso.

u) Velar pola conservación e non deterioro do material do centro.

v) Respetar a integridade física e psíquica do alumnado e velar polo seu equilibrio emocional.

x) Tomar parte na vixilancia dos recreos e na biblioteca os días de garda que correspondan, sexa en horario de mañá ou de tarde.

z) Asistir ás reunións convocadas regulamentariamente.

aa) Atender de inmediato ás/aos alumnas/os accidentados segundo o establecido en NOF.

ab) Cumprir o establecido nas NOFC.

ac) Participar en todos aqueles cometidos que a lexislación vixente lle encomenda.

ad) Colaborar activamente na prevención e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar

## **DO ALUMNADO**

(Lei 4/2011) Artigo 7. **Dereitos e deberes do alumnado.**

### **DEREITOS**

Recoñécenselle ao alumnado os seguintes dereitos básicos de convivencia escolar, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

a) A recibir unha formación integral e coeducativa que contribúa ao pleno desenvolvemento da súa personalidade nun ambiente educativo de convivencia, liberdade e respecto mutuo.

b) A que se respecten a súa identidade, integridade e dignidade persoais.

c) Á protección integral contra toda agresión física ou moral, e en particular contra as situacións de acoso escolar.

d) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

e) A participar na confección das normas de convivencia e na resolución pacífica de conflitos e, en xeral, a participar na toma de decisións do centro en materia de convivencia.

f) Ao establecemento de medidas compensatorias, dentro das posibilidades reais do centro escolar, que garantan a igualdade real e efectiva de oportunidades educativas.

g) A que o seu rendemento escolar sexa avaliado con plena obxectividade. A poder ver o contido das probas corrixidas.

h) A recibir orientación escolar.

i) A que a súa actividade académica se desenvolva nas debidas condicións de seguridade e hixiene.



l) A que se garde reserva sobre toda aquela información que faga referencia a circunstancias persoais e/ou familiares.

m) A participar no funcionamento e na vida escolar do Centro, de acordo a súa idade e co disposto na normativa vixente.

n) Á utilización das instalacións, mobiliario e material do Centro, baixo a tutela do profesorado.

ñ) A realizar actividades culturais, deportivas e de traballo en equipo.

o) A formular cantas iniciativas, suxestións e reclamacións estimen oportunas, a través dos canles regulamentarios: titor/a, profesorado, xefatura de estudos e dirección do centro.

p) En casos de accidente ou enfermidade prolongada, á axuda precisa para que non supoña un detrimento do seu rendemento escolar.

## DEBERES

Son deberes básicos de convivencia do alumnado:

a) Participar e colaborar na mellora da convivencia escolar e na consecución dun adecuado clima de estudo no centro, respectando o dereito dos seus compañeiros ou compañeiras á educación.

b) Respetar a dignidade e as funcións e orientacións do profesorado no exercicio das súas competencias, recoñecéndoo como autoridade educativa do centro.

c) Respetar a liberdade de conciencia, as conviccións relixiosas e morais, a igualdade de dereitos entre mulleres e homes e a dignidade, integridade e intimidade dos restantes membros da comunidade educativa.

d) Respetar as normas de organización, convivencia e disciplina do centro docente.

e) Conservar e facer un bo uso das instalacións e dos materiais do centro.

f) Intervir, a través das canles regulamentarias, en todo aquilo que afecte a convivencia dos seus respectivos centros docentes.

g) Seguir as directrices do profesorado respecto da súa educación e aprendizaxe.

h) Asistir a clase con puntualidade e co material preciso.

i) A respectar a integridade física, moral e a dignidade persoal das compañeiras e compañeiros, non podendo causarlles, en ningún caso, tratos vexatorios ou degradantes.

l) Seguir as directrices do profesorado respecto á súa educación e aprendizaxe.

- m) Realizar responsablemente as actividades escolares.
- n) Traer o material necesario para o desenvolvemento das tarefas escolares.
- ñ) Respetar o edificio, instalacións, mobiliario e material do Centro. Tamén ao respecto polo material propio (libros...) ou dos compañeiros.
- o) Coidar o seu aseo persoal.
- p) Respetar o exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros e compañeiras.
- q) Á non discriminación de ningún membro da comunidade educativa por razóns de nacemento, raza, sexo ou por calquera circunstancia persoal ou social.
- r) A reparar os danos que cause, individual ou colectivamente, intencionada ou de forma negligente, ás instalacións e aos materiais docentes e aos bens doutros membros da comunidade educativa. Ademais deberá restituír o subtraído ou, se non fora posible, a indemnizar o seu valor. As familias son responsables civís nos termos expresados na lexislación vixente.

## **DAS FAMILIAS: NAIS, PAIS E TITORES/AS LEGAIS**

(Lei 4/2011) Art. 6. **Dereitos e deberes das nais e pais ou das titoras ou titores.**

### **DEREITOS**

En relación coa educación dos seus fillos/as, son titulares dos seguintes DEREITOS de convivencia e participación, sen prexuízo dos establecidos nas leis orgánicas de educación:

- a) A ser respectados e recibir un trato adecuado polo resto da comunidade educativa.
- b) A estar informados sobre o progreso da aprendizaxe e integración socioeducativa dos seus fillos/as, para o que se lles facilitará o acceso ao profesorado e aos membros dos equipos directivos dos centros docentes.
- c) A recibir información sobre as normas que regulamentan a convivencia nos centros docentes.
- d) A ser oídos, nos termos previstos por esta lei, nos procedementos disciplinarios para a imposición de medidas correctoras de condutas contrarias á convivencia dos seus fillos.
- e) A participar no proceso educativo a través de consultas e outros procedementos de participación directa que estableza a Administración educativa.
- f) Participar na vida do Centro a través dos seus/súas representantes no Consello Escolar e nas comisións que nel se constituían.

- g) A asociarse en ANPAS e a usar as instalacións do centro de acordo coas NOFC.
- h) A coñecer as liñas xerais de traballo e os criterios de avaliación que o profesorado do seu fillo/a vai seguir ao longo do curso escolar.
- i) Á elección da formación relixiosa ou non, sen que desta elección se poida derivar discriminación algunha. Esta elección efectuarase coa matrícula do neno/a no centro e ao inicio de cada curso escolar (vinte primeiros días de setembro).

## DEBERES

Como primeiros responsables da educación dos seus fillos/as, teñen os seguintes deberes:

- a) Coñecer, participar e apoiar a evolución do seu proceso educativo, en colaboración co profesorado e cos centros docentes.
- b) Coñecer as normas establecidas polos centros docentes, respectalas e facelas respectar, así como respectar e facer respectar a autoridade e as indicacións ou orientacións educativas do profesorado no exercicio das súas competencias.
- c) Fomentar o respecto polos restantes compoñentes da comunidade educativa.
- d) Colaborar cos centros docentes na prevención e corrección das condutas contrarias ás normas de convivencia dos seus fillos/as.
- e) Interesarse pola realización das actividades escolares dos seus fillos/as, asistindo ben ás reunións grupais, ben ás entrevistas individuais co profesor/a convocadas con este fin.
- f) Prover aos seus fillos/as do material escolar necesario para levar a cabo as tarefas e actividades que se indiquen.
- g) Animar aos seus fillos a que realicen as actividades e tarefas encomendadas.
- h) Colaborar no cumprimento dos deberes dos seus fillos/as respecto a: puntualidade, orde, aseo, etc..
- i) Atender todas aquelas citacións que reciba do Colexio.
- l) Xustificar, á maior brevidade posible, as ausencias dos seus fillos/as a clase.
- m) Asinar as cualificacións dos seus fillos/as esixindo a estes/as devolvelas no prazo fixado.
- n) Comunicar calquera cambio que se produza no domicilio ou teléfono de contacto durante o curso.

ñ) A nai e/ou pai, en casos de separación, divorcios ou convivencia de facto, deben poñer en coñecemento da secretaría do centro calquera circunstancia que poida afectar á custodia das súas fillas e fillos.

o) Tanto a nai como o pai teñen a obriga de comunicar ao centro as persoas autorizadas para que se poidan facer cargo das/dos menores se fose preciso (ao remate da xornada escolar, ao remate do tempo de comedor, ao remate das actividades extraescolares).

p) Restituír os danos causados intencionadamente polos/as seus fillos/as no mobiliario ou bens do centro, alumnado, nais e pais de alumnos, profesorado ou instalacións alleas con motivo de visitas escolares.

q) Respetar a dignidade e función do profesorado e de cantas outras persoas traballen no centro, así como as normas xerais de convivencia e as establecidas especificamente neste Regulamento de Réxime Interno.

r) Non apoiar, nin dar a razón aos seus fillos/as sobre o labor docente do profesorado sen pasar antes polo centro, a fin de coñecer con máis exactitude a realidade dos feitos.

s) Abonar as contías correspondentes ao servizo de comedor escolar, no suposto de que o fillo/a non sexa bolseiro/a, ou de calquera outra actividade organizada pola ANPA e que derive en gastos xustificadas.

t) Comunicar ao centro as enfermidades que afecten aos seus fillos/as e as súas implicacións na vida do mesmo/a, poñendo todos os medios necesarios para evitar calquera posible contaxio.

u) A acudir ás entrevistas previstas polo xuíz instrutor no procedemento disciplinario aberto a un fillo/a ou titorado legal.

## **DO PERSOAL NON DOCENTE**

*(Lei 4/2011)* Artigo 9. **Dereitos e deberes do persoal de administración e de servizos.**

### DEREITOS

1. Ao persoal de administración e de servizos dos centros docentes, dentro do marco legal establecido e no ámbito da convivencia escolar, recoñécenselle os seguintes dereitos:

a) A ser respectado, recibir un trato adecuado e ser valorado polo resto da comunidade educativa e pola sociedade en xeral no exercicio das súas funcións.

b) A desenvolver as súas funcións nun ambiente adecuado no que se preserve en todo caso a súa integridade física e moral.

c) A participar, no exercicio das súas funcións, na mellora da convivencia escolar.

d) Á protección xurídica adecuada ás súas funcións.

e) A participar directamente no proceso educativo cando sexa consultado pola Administración educativa, nos termos previstos no título IV desta lei.

### DEBERES

1. Son deberes do persoal de administración e de servizos:

a) Respetar e colaborar, no exercicio das súas funcións, para facer que se respecten as normas de convivencia escolar e a identidade, integridade e dignidade persoais de todos os membros da comunidade educativa.

b) Colaborar activamente na prevención, detección e erradicación das condutas contrarias á convivencia e, en particular, das situacións de acoso escolar.

c) Informar aos responsables do centro docente e, de ser o caso, á Administración educativa das alteracións da convivencia, gardando reserva e sixilo profesional sobre a información e as circunstancias persoais e familiares do alumnado.

d) Gardar sixilo e confidencialidade respecto das actuacións relacionadas co ámbito educativo das que teña coñecemento.

## **DA ANPA**

### **DEREITOS**

a) Os pais e nais teñen dereito de constituír ANPAS, conforme ao establecido na lexislación vixente.

b) Elevarlle propostas ao C.E. para a elaboración do P.E. e ao equipo directivo para a elaboración da P.X.A.

c) Informar ao C.E. daqueles aspectos da marcha do centro que consideren oportuno.

d) Recibir información, a través do seu representante no C.E., sobre os temas tratados nel.

e) Ao libre acceso ao centro escolar (coas limitacións de apertura e peche do centro).

f) Elaborar informes para o Consello Escolar a iniciativa propia ou a petición deste.

g) Elaborar propostas de modificación do NOF.

h) Recibir información sobre libros de texto e materiais didácticos seleccionados polo centro.

i) Facer uso das instalacións do centro nos termos que estableza o Consello Escolar de acordo coa lexislación vixente.

l) A organizar actividades complementarias e extraescolares no recinto escolar e dirixidas ao alumnado do centro ou ás familias, que deberán ser aprobadas polo Consello Escolar e figurar na correspondente P.X.A.

m) Ter un espazo do recinto escolar onde poder reunirse e ter toda a súa documentación.

### **DEBERES**

a) Os que contemplan os seus estatutos. Ningún deles poderá estar en contra do ditaminado no NOFC ou, en xeral, das leis en vigor.

b) Fomentar a colaboración entre todos os membros da comunidade educativa.

c) Colaborar co profesorado e co alumnado para o bo funcionamento do centro escolar.

d) Promover que familias e alumnado exerzan os seus dereitos e cumpran cos seus deberes no eido escolar.

e) Realizar actividades de carácter educativo que reforcen os valores e obxectivos do Proxecto Educativo do centro escolar.

f) Informar aos seus asociados acerca da composición dos órganos de goberno e representación da asociación, do seu estado de contas e do desenvolvemento da súa actividade.

g) A permitir o acceso a toda a documentación da asociación, ao través do conduto regulamentario, sempre e cando non conteña datos confidenciais.

h) Asistir ás reunións co Equipo Directivo que se estipulen na P.X.A.

## **ENTRADAS E SAÍDAS**

### A) DO CENTRO ESCOLAR

**Horario de mañá:** 9:00 a 14:00 horas.

**Horario de tarde:** de luns a venres de 16:00 a 18:00 horas, agás os martes de 16:00 a 19:00 horas. O horario podería alterarse atendendo á realización das actividades extraescolares ou durante o desenvolvemento das sesións de avaliación (cero, 1º, 2º e 3º avaliación), as cales serán levadas a cabo un luns e martes consecutivos de 16:00 a 19:00 horas.

**Xornada escolar:** organízase en sesión única de mañá de 9:00 a 14:00 horas, de setembro a xuño. O período do recreo para Educación Infantil é de 11:00 a 11:30 horas mentres o de Educación Primaria é dende as 11:30 ata as 12:00 horas (os horarios de recreo poderán verse modificados pola realización de calquera actividade complementaria que así o precise).

**Horario de atención ás familias:** a atención xeral das titorías coas familias realizaranse os martes de 16:00 a 17:00h.

**Horario de reunións e coordinacións entre os membros do claustro do centro:** os martes de 17:00 a 19:00h.

**Calendario escolar:** O calendario escolar así como as vacacións e os días non lectivos rexeranse polo calendario escolar que a Xunta de Galicia publica cada ano no DOG, mentres as festas locais serán fixadas polo Concello de Narón. Ao comezo do curso a xefatura de estudos realizará un horario de vixilancia das diferentes portas empregadas para a entrada e saída do alumnado ao inicio e remate da xornada escolar. Formará parte deste horario o profesorado que non imparta clase na primeira e última sesión respectivamente.

## **CONTROL DE FALTAS DE ASISTENCIA E PUNTUALIDADE**

O control da asistencia a clase do alumnado deberá realizarse diariamente por parte do profesorado da área ou materia correspondente, quen rexistrará as posibles ausencias segundo o procedemento establecido para tal fin (cubrir o parte mensual de faltas de cada titoría segundo modelo facilitado polo centro a principios de curso).

– As faltas de asistencia a clase deberán ser xustificadas, por regra xeral, por un dos pais ou titores legais e deberán ser notificadas na maior brevidade posible ao titor/a do grupo. Se poderán xustificar de forma oral (especialmente nas etapas non obrigatorias) ou electrónica cando o titor/a así o considere oportuno.

– O profesorado titor rexistrará na aplicación informática de xestión académica (XADE) a xustificación das faltas de asistencia do seu alumnado.

– Cando as faltas de asistencia a clase do alumnado presenten dificultades para a súa xustificación ou cando se incremente de forma significativa o número de faltas sen xustificar, o profesorado titor convocará por escrito (Anexo I do protocolo de absentismo) á familia a unha reunión coa finalidade de analizar a situación e tratar de corríxila, evitando que se produza a apertura do expediente de absentismo. Desa reunión levantará acta o profesorado titor segundo o modelo facilitado polo centro (Anexo II do protocolo de absentismo).

– Cando un alumno/a teña que ausentarse do centro por un período superior a unha semana, o equipo docente establecerá un sistema que permita a ese alumnado un seguimento a distancia do traballo ordinario da aula e da súa avaliación, sempre dependendo do motivo da ausencia e das características da mesma.

– Para saír do centro en horario lectivo, é necesario que o alumno/a sexa recollido polo pai/nai ou outra persoa autorizada e que estes cubran un xustificante segundo o modelo que se indica ao final deste documento.

– Os titores, a principios de curso, deberán informar aos pais/nais de todo o relacionado coas faltas, o seu modo de xustificación e consecuencias.

### *Xustificación das faltas de asistencia a clase do alumnado*

A xustificación das faltas de asistencia entregarase ao profesor titor, acompañando segundo proceda:

1. Xustificante médico, no caso de enfermidade propia ou grave dun familiar de primeiro ou segundo grao.



2. Os pais ou tutores son os encargados de xustificar as faltas por enfermidade leve, non precisan de xustificación médica.

3. Documento acreditativo, no caso de deberes inescusables, presentación a exames ou morte de familiares de primeiro ou segundo graos.

4. Calquera outro documento acreditativo da circunstancia que xustifique a ausencia.

## **ATENCIÓN ALUMNOS EN CASO DE ENFERMIDADE PROLONGADA**

A atención educativa nun contorno **inclusivo e normalizado** é a tarefa que compete á totalidade da comunidade educativa.

A resposta educativa que require o alumnado con enfermidade crónica ou que sofre lesións como resultado dun accidente, durante o período do tempo máis ou menos prolongado no que, de ser o caso, non pode asistir ao centro educativo, concrétese na atención educativa hospitalaria e domiciliaria, garantíndose o retorno ao centro educativo en condicións de normalidade cando as condicións de saúde o permitan

### **Atención educativa hospitalaria**

É destinatario de **atención educativa hospitalaria**, de acordo co establecido no Decreto 229/2011, o alumnado que deba permanecer ingresado nun centro hospitalario, a tempo completo ou en hospitalización de día. O alumnado de longa e media hospitalización (a partir de 15 días de hospitalización) será quen reciba atención educativa en coordinación co centro de orixe, mentres que o de curta hospitalización poderá realizar no centro hospitalario actividades educativas de carácter xeral.

### **Atención educativa domiciliaria**

Será obxecto desta atención o alumnado que padeza algunha enfermidade crónica que sexa a causa de faltas de asistencia ao centro de seis ou máis días continuados ao mes dentro dun período mínimo de seis meses.

Para esta medida de atención será necesario presentar no centro o correspondente informe médico que xustifique a convalecencia e a estimación do período de tempo durante o cal o alumnado non pode asistir á clase no seu propio centro escolar.

## **Alerta escolar**

É un conxunto organizado de accións administrativas, informativas e operativas que pretende achegar unha atención sanitaria inmediata e eficaz a todas as nenas e nenos escolarizados entre os 0 e os 16 anos, que padecen patoloxías crónicas susceptibles de descompensación con compromiso vital:

Crises alérxicas (anafilaxe) por exposición a alérxenos, normalmente alimentarios.

Crises comiciais (epilepsia en todas as súas formas).

Crises diabéticas (en xeral, por hipoglicemia).

Este programa posibilita a súa asistencia e que o profesorado teña cobertura de persoal médico que conte con coñecementos dos nenos e nenas con esta problemática. Pretende a coordinación entre o profesorado e a Central de Coordinación de Urgencias Sanitarias de Galicia - 061, facendo que este sexa capaz de recoñecer a urxencia médica provocada por un cadro agudo das patoloxías descritas e de prestar unha primeira atención mentres chegan os recursos adecuados.

***O teléfono directo de referencia para o alumnado inscrito no programa Alerta Escolar é o 061; ademais recoméndase contactar con 061 directamente cando se estea seguro de que a natureza do problema que se quere comunicar sexa exclusivamente sanitaria.***

***Recoméndase contactar co 112 en casos nos que existan dúbidas de que a natureza do problema e a súa resolución podan necesitar da intervención de servizos non exclusivamente sanitarios.*** En calquera caso, as centrais de emerxencias están interconectadas polo que, no caso de chamar a 112 e precisar atención médica, seremos remitidos directamente á Fundación 061. No caso contrario, unha vez contactado o 061, se fose manifesta a necesidade de outros medios técnicos como bombeiros ou policía, serán tamén mobilizados.

## **ABSENTISMO ESCOLAR**

**O artº 22 do D. 229/2011** distingue entre absentismo, abandono escolar e desescolarización. Define o absentismo como ausencia non xustificada igual ou **superior ao 10% do horario** lectivo semanal. A ausencia de matrícula durante o período de escolarización obrigatoria defínea como desescolarización.

No caso de absentismo escolar será de aplicación o disposto Instrucións de 31 de xaneiro de 2014 da DXFPEIE

## **7. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA E A SÚA CORRECCIÓN**

### **7.1. ASPECTOS XERAIS**

1. As correccións deben ter un carácter educativo e recuperador.
2. Non poderán impoñerse correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumno/a.
3. A imposición das correccións previstas respectarán a proporcionalidade coas condutas non permitidas en que incorrera o alumno/a e deberán contribuír á mellora do seu proceso educativo.
4. Os órganos competentes para a instrución do expediente ou para imposición de correccións deberán ter en conta a idade do alumno ou alumna a efectos de graduar a aplicación da sanción cando proceda.
5. Teranse en conta as circunstancias persoais, familiares ou sociais do neno/a antes de resolver o procedemento corrector. A estes efectos, poderanse solicitar os informes que se estimen necesarios sobre as aludidas circunstancias.
7. Calquera persoa que individual ou colectivamente cause danos de forma intencionada ou por negligencia ás instalacións do centro ou o seu material quedan obrigados a reparar os danos causados ou facerse cargo do custe económico da súa reparación. Igualmente, os alumnos/as que subtraesen bens do centro deberán restituír o subtraído. En todo caso, o pai e nai ou representantes legais serán os responsables civís nos términos previstos nas leis.(art.35 Decreto 8/2015). Cando se incorra en condutas tipificadas como agresións físicas ou morais, deberá repararse o dano moral causado mediante a presentación de escusas e recoñecemento da responsabilidade dos actos, ben en público ou privado, segundo corresponda pola natureza dos feitos, e de acordo co que determine a resolución que impoña a corrección da conduta.
8. Considérase mobiliario do centro o correspondente aos autobuses utilizados para visitas escolares así como os materiais dos lugares visitados.
9. Activarase e manterase actualizado o protocolo de todo o alumnado con alerxias específicas e/ou problemáticas físicas e/ou de saúde especiais.
10. Nos casos en que se detecte absentismo escolar, iniciarase o protocolo establecido ao efecto. A falta a clase de modo reiterado pode provocar a imposibilidade da aplicación correcta dos criterios xerais da avaliación e da propia avaliación continua.
11. A efectos da gradación das correccións consideraranse:

a) Circunstancias paliativas (o recoñecemento espontáneo da súa conduta incorrecta a falta de intencionalidade e a reparación espontánea o dano producido).

b) Circunstancias acentuantes:

1. A premeditación e a reiteración.

2. Causar dano, inxuria ou ofensa aos compañeiros/as de menor idade ou aos recentemente incorporados/as ao Centro.

3. Calquera acto que atente contra os dereitos de non discriminación por razón de raza, sexo, nivel social, conviccións políticas, morais ou relixiosas; a difusión por medios electrónicos da conduta, etc).

12. Poderán corrixirse os actos contrarios ás normas de convivencia do Centro realizados polos alumnos e alumnas no recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias e extraescolares. Igualmente, poderán corrixirse as actuacións do alumno/a que, aínda que fosen realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar e afecten aos seus compañeiros ou a outros membros da comunidade educativa.

13. O Consello Escolar do Centro supervisará o cumprimento efectivo das correccións nos términos que se impoñan.

14. As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro prescribirán aos catro meses da súa comisión e as leves ao mes.

15. Todas as correccións ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia serán impostas polo director/a ou, por delegación, polo xefe/a de estudos.

16. A nai e/ou pai ou representantes legais do alumno/a poderán presentar unha reclamación no prazo de corenta e oito horas contra as correccións impostas, perante o Xefe/a Territorial de educación.

17. O Consello Escolar ao través da Comisión de Convivencia supervisará o cumprimento efectivo das correccións consideradas como moi graves nos termos en que foran impostas.

18. O profesorado do centro escolar estará obrigado ao respecto polas normas xerais emanadas deste documento (NOFC), estando en último termo suxeitos á lexislación vixente producida pola lei da Función Pública e por cantas afecten ao seu status profesional.

19. As familias do nenos/as do centro escolar estarán suxeitas ao regulamentado neste documento. A única sanción consistirá en que o encausado asuma o problema pedindo públicas desculpas ou aboando os danos causados.

20. O departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Aplicaranse co apoio do mestre/a titor/a e, de ser o caso, do resto do profesorado, das familias e dos servizos sociais.

21. Poderán crearse aulas de convivencia inclusiva, non estables e con vocación de substituír o tempo de expulsión, con apoios e formación específica, que busquen reincorporar o alumnado á súa propia aula no menor tempo posible.

## **7.2. CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA: TIPOS**

A) Clasificación de las conductas contrarias a la convivencia, tipificadas como faltas, (art. 14, Ley 4/2011 y art. 33, Decreto 8/2015) y medidas correctoras de estas (art 21 y 22, Ley 4/2011 y art. 39, 40 y 43, Decreto 8/2015) - **VER ANEXOS:**

- **Conductas leves contrarias a convivencia.** (art. 16 Lei 4/2011 e art. 42 Decreto 8/2015). **Medidas correctoras e responsables da súa aplicación** (art. 22, Lei 4/2011 e art. 43, 44 e 45, Decreto 8/2015)

- **Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia** (art. 15 Lei 4/2011 e art. 38 Decreto 8/2015). **Medidas correctoras e responsables da súa aplicación** (art. 21, Ley 4/2011 e art. 39, 40 e 41, Decreto 8/2015)

## **7.3. CORRECCIÓN DE CONDUCTAS CONTRARIAS Á CONVIVENCIA**

Aspectos formais dos procedementos correctores (art.37 Decreto 8/2015)

1. No exercicio das funcións de corrección de condutas contrarias á convivencia, a constatación de feitos constitutivos de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia reguladas no art. 38 deste decreto deberán formalizarse por escrito, logo da tramitación dos procedementos de corrección.

2. O documento de constatación dos feitos elaborado polo profesorado considérase, agás proba en contrario, acreditación suficiente deles e, polo tanto, contará coa presunción

de veracidade de acordo co establecido no art. 11.2 da Lei 4/2011, e deberá conter como mínimo os seguintes datos:

a) Lugar, data e hora da comisión da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.

b) Descrición da acción ou omisión que determina a incoación do procedemento.

c) A norma que se considere infrinxida, sen que esta mención implique a cualificación definitiva da acción ou omisión que dá lugar ao procedemento.

d) Nome, apelidos, enderezo e datos académicos do alumno incurso/a no procedemento, e tamén os datos identificativos das persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e.

e) De ser o caso, identificación das persoas que presenciasen a acción ou omisión que dá lugar ao procedemento ou que puidesen achegar datos de interese para a comprobación dos feitos.

f) Identificación e sinatura da persoa docente que elabore o documento.

3. A incoación do procedemento notificarase á nai ou ao pai, ou titor/a legal do alumno/a, con indicación da conduta que o motiva, as correccións que puidesen corresponder e o nome da persoa docente instrutora. Así mesmo, comunicarase á Inspección Educativa.

4. As citacións aos proxenitores ou representantes legais, realizaranse por calquera medio de comunicación inmediata que permita deixar constancia fidedigna de terse realizado e da súa data.

5. A non comparecencia sen causa xustificada dos alumnos ou, de ser o caso, das persoas proxenitoras ou representantes legais delas/es, ou ben a negativa a recibir comunicacións ou notificacións, non impedirá a continuación do proceso de corrección.

6. As audiencias e comparecencias de pais ou titores legais do alumnado menor de idade son obrigatorias, e a súa desatención reiterada e inxustificada será comunicada ás autoridades competentes, para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

7. A resolución do procedemento notificarase aos pais ou titores legais dos alumnos nun prazo máximo de doce días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento, e comunicarase igualmente á Inspección Educativa.

Segundo o artigo 12 da Lei 4/2011, do 30 de xullo de convivencia e participación da comunidade educativa “Serán obxecto de corrección disciplinaria as condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas polo alumnado dentro do recinto escolar ou durante o desenvolvemento de actividades complementarias extraescolares...”

“Así mesmo poderán corrixirse disciplinariamente as condutas do alumnado que, aínda que realizadas fóra do recinto escolar, estean motivadas ou directamente relacionadas coa vida escolar afecten aos seus compañeiros ou compañeiras ou outros membros da comunidade educativa e, en particular, as actuacións que constitúan acoso escolar...” (Art.36.Decreto 8/2015)

“As posibles condutas contrarias ás normas de convivencia realizadas mediante o uso de medios electrónicos, telemáticos ou tecnolóxicos que teñan conexión co actividade escolar considéranse incluídas no ámbito de aplicación desta lei”

Por conseguinte, todas as condutas do alumnado que non respecten as anteriores normas serán obxecto de corrección disciplinaria.

#### **7.4. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, determinación e inicio do procedemento (art. 46,47 y 48, D. 8/2015)**

- Dirección do centro:
  - Acorda un período de información previa, en prazo **máximo de 2 días lectivos** dende o coñecemento dos feitos.
  - Despois desta recollida, analízase e valorase a conduta (considerando como aconteceu, idade, circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumno/a e os seus antecedentes en relación coa convivencia escolar), asesorado por outros profesionais (DO e titor/a).
  - informará das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que fosen corri-xidas ao titor/a do alumno/a e ao Consello Escolar.
  - A Dirección poderá adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes (ao inicio do procedemento ou en calquera momento da instrución e a vista das repercusións que puidese ter a conduta), podendo ser dende un cambio temporal de grupo o a suspensión do dereito de asistencia a clases ou actividades por un período non superior a **3 días lectivos**.

- Decide a instrución e determinará o procedemento de corrección máis axeitado para cada caso priorizando a corrección mediante o procedemento conciliado cando concorran as circunstancias necesarias.

- No centro quedará constancia da corrección deste tipo de condutas, co fin de apreciar posible reincidencia.

- Anexo

- Inicio do procedemento de corrección:

- Dirección.- Notificación, por escrito, da conduta e do procedemento a seguir para su corrección, conciliado ou común.

- Prazo: **3 días lectivos**, dende o coñecemento da conduta a corrixir.

- Aceptación ou non cando a comunicación indique procedemento conciliado: alumnado/proxenitores comunicarán por escrito a aceptación ou non a dirección en prazo de 1 día lectivo seguinte a la recepción de la notificación. A non comunicación implica aplicación del procedemento común.

- Designación, pola Dirección, dun docente como instrutor/a do procedemento corrector. Nas NOFC estarán recollidos os criterios para realizar esta designación.

- Tanto a incoación como a resolución do procedemento notificaranse por escrito.

## **7.5. PROCEDEMENTO CONCILIADO (art. 49, Decreto 8/2015):**

### CONCILIACIÓN

Terá carácter voluntario e esixirá o compromiso de cumprimento das accións reparadoras.

O inicio da conciliación suspende o inicio do expediente disciplinario, que se retomará no caso de que a acción conciliatoria resulte infrutuosa.

O procedemento será por escrito con instrutor ou persoa mediadora.

- Requisitos para o procedemento conciliado:

- Por parte da persoa responsable da conduta: recoñecemento da gravidade da súa conduta, disposición de reparar o dano material ou moral causado e o compromiso de cumprir as medidas correctoras acordadas.

- Cando sexan outros membros da comunidade educativa afectados pola conduta: mostrarán conformidade de acollerse a este procedemento.

- Require instrución dun procedemento corrector, segundo o establecido.



- Casos nos que NON procede o procedemento conciliado:
  - Apreciación de conduta de especial e notoria gravidade.
  - A persoa agraviada ou proxenitores non comunican a súa disposición de acollerse.
  - A persoa autora da conduta ou proxenitores non comunican a disposición de acollerse a este.
    - Fíxose uso deste procedemento de corrección durante o mesmo curso escolar co mesmo alumnado para corrixir unha conduta similar.
  
- Desenvolvemento do procedemento conciliado:
  - Reunión: A Dirección convoca a persoa instrutora do procedemento e as persoas afectadas no prazo máximo de 1 día lectivo contado dende a finalización do prazo para comunicar a opción elixida.
    - Responsabilidades da persoa INSTRUTORA: recordar aos afectados o proceso no que participan e o seu carácter voluntario, que supón acatar o acordo que se derive, advertindo que as declaracións incorporaranse ao expediente do proceso corrector se non hai conciliación, expón e valora a conduta a corrixir, facendo fincapé nas consecuencias que tivo para todos, oír as partes, proporá algunha das medidas correctoras, dará quen-das de palabra aos convocados para manifestar opinións e consideracións sobre a súa co-rrección.
    - Outras responsabilidades: da persoa autora da conduta (petición de desculpas será tida en conta como circunstancia que limita a súa responsabilidade a hora de determinar a medida correctora a adoptar) e dos participantes no procedemento (deben acordar a medi-da correctora que consideren máis adecuada para a conduta e se procede tamén as medi-das educativas reparadoras pertinentes)
    - Intervención dunha persoa mediadora: na forma establecida nas NOFC do centro, non substitúe a instrutora senón que colabora con ela no procedemento para lograr un achegamento entre as afectadas e o seu consenso na medida correctora a aplicar. Terá as funcións de contribuír ao proceso, axudar a cada parte afectada a que comprenda os inte-reses, necesidades e aspiracións das outras para chegar ao entendemento e apoiar o ade-cuado cumprimento do acordado neste procedemento conciliado.

- Finalización:
  - Constancia escrita: da conformidade coas medidas correctoras fixadas por parte do/a autor/a da conduta e do/a agraviado/a ou proxenitores/representantes legais.
  - Ratificación do acordo consensuado polas partes: pola Dirección do centro.
  - Finalización: unha vez obtido o acordo entre as partes.
  - Fin do procedemento conciliado para inicio do procedemento común: cando se incumpran as medidas correctoras acordadas ou no caso de que non se logre acordo e xa non sexa posible en principio.

## 7.6. PROCEDIMIENTO COMÚN (art. 52, 53 e 54 Decreto 8/2015)

- Procedemento común: utilizarase cando non sexa posible desenvolver o procedemento conciliado.
  - Requisitos: instrución dun procedemento corrector.
  - Tramitación: o responsable será un docente do centro que será nomeado instrutor/a e precisará no expediente o tipo de conduta e a corrección que corresponda (segundo feitos probados, circunstancias concorrentes e grao de responsabilidade)
    - Prazo para instruír: **5 días lectivos** contados a partir da súa designación.
    - Fin da instrución: O instrutor formulará proposta de resolución e dará audiencia aos proxenitores, convocándoos en prazo **máximo de 3 días lectivos** a contar a partir da recepción da citación. Levantarase acta.
      - Resolución do procedemento común de corrección:
        - Dirección dita resolución escrita despois da proposta do/a instrutor/a.
        - Contidos mínimos da Resolución: feitos probados, circunstancias que reduzan ou acentúen a responsabilidade, medidas correctoras a aplicar e la posibilidade de solicitar a revisión da medida correctora imposta ante o Consello Escolar no prazo de **2 días lectivos** dende a súa recepción
          - Notificación pola Dirección da Resolución adoptada: por escrito, ao alumnado ou proxenitores, en prazo de **1 día lectivo** a partir da recepción da proposta do/a instrutor/a. Remisión a Xefatura Territorial correspondente.
- Correccións en relación as condutas gravemente prexudiciais para a convivencia: serán impostas pola Dirección e poderán ser revisadas polo Consello Escolar, a instancia do alumnado ou proxenitores, segundo art. 127.f) LOE-LOMCE

## 7.7. COMPROMISOS EDUCATIVOS PARA A CONVIVENCIA

1. En todos os casos de condutas contrarias á convivencia, mesmo cando non haxa conciliación por non ser aceptadas as desculpas polos prexudicados, poderase suspender a aplicación das medidas correctoras adoptadas se as persoas proxenitoras ou representantes legais desta/e asinan un compromiso educativo para a convivencia.

2. Nun compromiso educativo para a convivencia deberá figurar de forma clara e detallada a que se comprometen as persoas proxenitoras ou representantes legais, e as actuacións de formación para a convivencia, prevención e de modificación de condutas, que se comprometen a levar a cabo, persoalmente ou mediante a intervención de institucións, centros docentes ou persoas adecuadas. Igualmente, constarán os mecanismos de comunicación e coordinación co centro.

3. A falta de cumprimento dos compromisos adquiridos determinará a aplicación inmediata das medidas correctoras suspendidas.

4. Cada centro educativo poderá concretar nas súas NOFC o procedemento para acordar coas persoas proxenitoras ou representantes legais destas/es compromisos educativos para a convivencia segundo o previsto neste artigo

## 7.8 MEDIDAS CORRECTORAS

CORRECCIÓN DE CONDUCTAS (I)		
Conductas leves contrarias ás normas de convivencia do centro.		
Cales son?	Medidas correctoras	Quen aplica a sanción?
Faltas reiteradas de puntualidade.	- 5 faltas de puntualidade sen xustificar: amoestación privada. - 10 ou mais faltas sen xustificar: amoestación por escrito	- Titor/a do alumno/a - Xefe/a de estudos
Falta de asistencia a clase non xustificada.	- Notificarase aos pais. - Se a falta de asistencia é continuada se procederá a comunicalo a Inspección Educativa e Servizos Sociais.	- O titor/a . - Dirección previa comunicación por parte do titor/a.
Reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso.	- Notificación aos pais do alumno/a - Amoestación escrita se a falta persiste	- O titor/a - O xefe/a de estudos.

Neglixencia no tratamento do material, do mobiliario e nas instalacións escolares.	- Realización de traballos en horario non lectivo. - Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado nas instalación ou nas pertenzas dos outros membros.	- O mestre/a titor/a. - O xefe/a de estudos.
Alborotar en intercambios de clase, entradas e saídas.	- Amoestación privada.	- Os mestres/as do alumno/a.
Entrar durante o recreo ás aulas sen permiso dos mestres/as de garda nin do mestre/a titor/a.	- Amoestación privada.	- Os mestres/as de garda no recreo. - O mestre/a titor/a.
Invadir zonas de recreo de Educación Infantil durante os recreos.	- Amoestación privada.	- Os mestres/as de garda no recreo. - O mestre/a titor/a.
Molestar e insultar os compañeiros.	- Amoestación privada.	- Os mestres/as do alumno/a. - O mestre/a titor/a. - O xefe/a de estudos.
Uso dos aseos para fins distintos aos establecidos.	- Amoestación privada. - Realización de traballos en horario non lectivo. - Comunicación oral ou por escrito aos pais.	- Os mestres/as do alumno/a. - O mestre/a titor/a - O xefe/a de estudos.
Falta de aseo persoal	- Notificación aos pais do alumno/a - Amoestación escrita se a falta persiste.	- O mestre/a titor/a - O xefe/a de estudos
Falta de atención ás explicacións dos mestres/as	- Amoestación privada. - Realización de traballos en horario non lectivo. - Comunicación verbal ou escrita á familia	- Os mestres/as do alumno/a. - O mestre/a titor/a.
Interrupción intencionada da clase	- Amoestación privada. - Realización de traballos en horario non lectivo. - Comunicación verbal ou escrita á familia.	- Os mestres/as do alumno/a. - O mestre/a titor/a. - O xefe/a de estudos - O Director/a

- A imposición das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia será levada a cabo polo profesorado especialista do alumno/a, ou ben o seu titor/a oído este e dando conta á persoa que ocupe a xefatura de estudos.

- Tamén a persoa que ocupe a xefatura de estudos ou a persoa titular da dirección do centro, oídos o alumno/a e os seus mestres/as especialistas ou titor/a.

- A imposición das medidas correctoras indicadas na táboa comunicarase aos pais ou tutores/a legais do alumno/a antes de que estas se fagan efectivas.

- As resolucións que impoñen as medidas correctoras que se indican nesta táboa poñen fin á vía administrativa e son inmediatamente executivas.

<b>CORRECCIÓN DE CONDUCTAS (II)</b>		
<b>Conductas gravemente prexudiciais para a convivencia no centro</b>		
<b>Cales son?</b>	<b>Medidas correctoras</b>	<b>Quen aplica a sanción?</b>
Reiteración, durante o mesmo curso, de, a lo menos, tres condutas contrarias as normas de convivencia do centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, ou pertenzas dos outros membros.</li> <li>- Realización de traballos en horario non lectivo.</li> <li>- Comunicación oral ou por escrito aos pais.</li> <li>- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases por un período de tempo determinado. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumno/a deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no seu proceso formativo.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O mestre/a titor/a.</li> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> </ul>
Actos de indisciplina, inxuria ou ofensas graves.	Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período de tempo determinado. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> <li>- A comisión de convivencia.</li> </ul>
Agresión ou discriminación grave física ou moral.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.</li> <li>- Cambio de centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> <li>- O Consello Escolar.</li> </ul>
Falsificación, alteración ou subtracción de documentos académicos.	Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> </ul>
Danos graves causados intencionadamente nos materiais e nas	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, ou pertenzas doutros.</li> <li>- Realización de traballos en horario</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> <li>- O Consello Escolar.</li> </ul>

instalacións do centro ou nas pertenzas dos membros da comunidade.	<p>non lectivo.</p> <ul style="list-style-type: none"> <li>- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.</li> <li>- Cambio de centro.</li> </ul>	
Actos inxustificadas que perturben gravemente o normal desenvolvemento das actividades do centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.</li> <li>- Cambio de centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> <li>- O Consello Escolar.</li> </ul>
Actuacións prexudiciais para a saúde e a integridade persoal dos membros da comunidade educativa.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias durante todo o curso escolar.</li> <li>- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> <li>- A comisión de convivencia.</li> <li>- O Consello Escolar.</li> </ul>
Incumprimento das sancións impostas.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias durante todo o curso escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> </ul>
Negativa continuada a realizar as tarefas escolares.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de traballos en horario non lectivo.</li> <li>- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias durante todo o curso escolar.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> </ul>
Desobediencia manifesta ao profesorado e desafío á súa autoridade, así como desobediencia e desafío ao PAS.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias durante todo o curso escolar.</li> <li>- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> </ul>
Ausentarse do recinto escolar en horas de clase e sen permiso previo.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias durante todo o curso escolar.</li> <li>- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> </ul>
Roubo de material do centro ou ben roubo de material dos compañeiros/as e mestres/as.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Realización de tarefas dirixidas a reparar o dano causado nas instalacións, ou pertenzas dos outros membros.</li> <li>- Substitución do material roubado.</li> <li>- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou comple-</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> <li>- A comisión de convivencia.</li> </ul>

	mentarias durante todo o curso escolar.	
Traer ao centro obxectos perigosos como navallas, coitelos, estiletos, cadeas, porras, chisqueiros, mistos, etc., así como substancias e outros produtos gravemente perigosos para a saúde e a integridade persoal de calquera membro da comunidade educativa do centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Confiscación dos obxectos perigosos.</li> <li>- Suspensión do dereito a participar nas actividades extraescolares ou complementarias durante todo o curso escolar.</li> <li>- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> <li>- A comisión de convivencia.</li> </ul>
Gravación, manipulación e difusión por calquera medio de imaxes ou informacións que atenten contra o dereito á dignidade da persoa e á propia imaxe dos demais membros da comunidade escolar do centro.	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días.</li> <li>- Cambio de centro.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- O xefe/a de estudos.</li> <li>- O director/a.</li> <li>- O Consello Escolar.</li> </ul>

Segundo a lexislación vixente de convivencia e participación da comunidade educativa:

- Corresponde acordar a incoación do procedemento á persoa titular da dirección do centro, ben por propia iniciativa, por petición motivada do profesorado ou do titor/a do alumno/a ou da persoa que ocupe a xefatura de estudos ou logo da denuncia doutros membros da comunidade educativa.

- A incoación do procedemento notificarase aos pais ou tutores legais do alumno/a, con indicación da conduta que o motiva e as correccións que poden corresponder. Dependendo da gravidade dos feitos, comunicarase á inspección educativa.

- En calquera momento da tramitación do procedemento, a persoa titular da dirección do centro, pode adoptar, como medidas provisionais a suspensión do dereito de asistencia

ao centro ou a determinadas clases ou actividades, por un período de tempo determinado. A adopción de medidas provisionais notificarase aos pais ou titores legais do alumno/a.

- A persoa instrutora ou director/a dará audiencia aos pais ou titores legais do alumno/a, convocándoos a unha comparecencia na que poderán acceder a todo o actuado e da cal se estenderá acta. No caso de incomparecencia inxustificada, o trámite de audiencia terase por realizado para todos os efectos legais.

- Realizado o trámite de audiencia, a persoa titular da dirección do centro ditará resolución motivada que se pronunciará sobre a conduta do alumno/a e impondrá, se é o caso, a correspondente corrección, así como a obriga de reparar os danos producidos.

- A resolución notificarse aos pais ou titores legais do alumno/a nun prazo máximo de 12 días lectivos desde que se tivo coñecemento dos feitos que deron lugar á incoación do procedemento e comunicarse á inspección educativa.

- A resolución da persoa titular da dirección do centro pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra a resolución da persoa titular da dirección do centro cabe instar a revisión ante o Consello escolar no prazo de dez días lectivos nos termos previstos na lexislación.

Para a suspensión do dereito de asistencia ao centro durante un período entre 3 e 5 días ou o cambio de centro será necesaria a instrución dun expediente informativo e a comunicación á Inspección educativa.

- Segundo a lexislación *de convivencia e participación da comunidade educativa*, "As condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes...prescriben aos catro meses da súa comisión e as condutas leves contrarias á convivencia , ao mes. O prazo de prescrición comezará a contarse desde o día en que a conduta se leve a cabo, salvo cando se trate dunha conduta continuada, caso no que o prazo de prescrición non se empezará a computar mestres aquela non cese. No caso das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, interromperá a prescrición a iniciación, con coñecemento do interesado ou da interesada, do procedemento para a corrección da conduta, e continuarase o cómputo do prazo de prescrición para o caso de producirse a caducidade do procedemento.



Así mesmo, as correccións que se apliquen polo incumprimento das normas de convivencia terán un carácter educativo, garantirán o respecto dos dereitos do resto do alumnado e procurarán a mellora da convivencia no centro docente.

- Ningún alumno/a poderá ser privado do exercicio do seu dereito á educación nin do seu dereito á escolaridade. Para estes efectos, non se entenderá como privación do dereito á educación a imposición das correccións previstas neste apartado que supoñen a suspensión da asistencia ás clases ou o cambio de centro.

- Non se poderán impoñer correccións contrarias á integridade física e á dignidade persoal do alumnado.

- A imposición das correccións previstas neste apartado respectarán a proporcionalidade coa conduta do alumnado e deberá contribuír á mellora do seu proceso educativo.

- Terase en conta a idade do alumnado e as demais circunstancias persoais, familiares e sociais. Para estes efectos, poderase solicitar os informes que se consideren necesarios sobre as mencionadas circunstancias e recomendar, de ser o caso, ás nais e pais ou aos titores/as ou ás autoridades públicas competentes a adopción das medidas necesarias.

- *"As medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia nos centros docentes previstas... prescriben ao ano da firmeza en vía administrativa da resolución que as impón. As medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia prescriben aos catro meses da súa imposición".*

- As audiencias e comparecencias das nais e pais ou dos titores/as do alumnado nos procedementos disciplinarios sinalados neste apartado, son obrigatorias para eles, e a súa non comparecencia reiterada e inustificada será comunicada ás autoridades competentes para os efectos da súa posible consideración como incumprimento dos deberes inherentes á patria potestade ou á tutela.

## **8. Creación e funcionamento da: Comisión de convivencia, Aula inclusiva, Escola de pais e nais.**

### **Comisión de Convivencia**

A comisión da convivencia deste centro quedou constituída con data do 9 de setembro de 2015, tal e como consta no libro de actas do Consello Escolar, e dela forman parte a totalidade dos membros de dito Consello.

O réxime de funcionamento rexeráse polo establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia.

Manteranse tres reunións anuais con carácter ordinario, unha por trimestre, e con carácter extraordinario tantas veces sexa convocada pola súa presidencia, por iniciativa propia ou por proposta de, polo menos, unha terceira parte dos seus membros.

### **Aula de convivencia inclusiva**

A finalidade da aula de convivencia é substituír o tempo de expulsión para aqueles alumnos/as aos que lles sexa aplicable esta medida.

Contemplaremos dita aula coma un espazo de reflexión, para o/ alumno/a, de cara a favorecer actitudes responsables e medidas positivas para a convivencia.

Os criterios e condicións para a atención a ditos alumnos na aula de convivencia serán aqueles que poida establecer a CCP.

Nunca será un espazo ao que derivar aqueles alumnos que cometan faltas leves.

O profesorado encargado de dita aula será preferentemente o profesor de garda.

E o espazo para mesma será, en función das necesidades de uso de ditos espazos, o Departamento de Orientación ou a Aula de Estudio.

### **Escola de Pais e Nais**

Neste centro mantívose unha escola de pais e nais dende o curso 2012/2013 ata o curso 2014/2015; dita Escola naceu coma iniciativa do Concello de Narón e nela participaron un total de 10 familias. No curso actual volveuse a ofertar dita Escola nos diferentes centros escolares de Narón e na actualidade estase pendente de novas incorporacións, pois a pretensión do Concello é a de seguir mantendo dita Escola.

## **9. Concreción das persoas ou dos órganos responsables e dos programas que se van a seguir para o seu desenvolvemento e execución.**

Os axentes responsables da convivencia escolar serán todos os membros da comunidade educativa nos termos establecidos no Decreto 8/2015 : Consello Escolar, Claustro do profesorado, Equipo directivo, Comisión de convivencia, Órganos de coordinación docente e Consello para a Convivencia Escolar da Comunidade Autónoma de Galicia.

## **10. Recursos**

Algunhas das actividades propostas trabállanse nas tarefas das áreas curriculares; outras no PAT e outras nas actividades complementarias e extraescolares.

## **11. Revisión do Plan de Convivencia**

O plan de convivencia unha vez aprobado polo consello escolar, debe ser coñecido e asumido por todos os membros da comunidade educativa. Será o equipo directivo o encargado de difundir o Plan de Convivencia do Centro entre o Consello Escolar, ANPA do centro e na páxina web do centro. Este documento irá incorporado ao PEC. Calquera profesor/a independentemente de impartir ou non clase no grupo pode corrixir condutas contrarias ás normas de convivencia. Ocasionalmente poderán intervir outras instancias, nese caso o farán de xeito coordinado e no marco das súas competencias. A avaliación será continua e procesual, realizada de forma integradora, complementaria, coordinada e conxunta cos procesos de avaliacións das aprendizaxes do alumnado. Ademais a comisión de convivencia deberá facer unha avaliación trimestral do plan e ao final de curso elaborará unha memoria anual deste que se reflectirá na Memoria Anual.

Narón, a 20 de MAIO de 2023

# **ANEXOS**

## **FUNCIÓNS DO EQUIPO DIRECTIVO COMO AXENTE RESPONSABLE DA CONVIVENCIA ESCOLAR (DECRETO 8/2015)**

- *Ao equipo directivo do centro correspóndenlle as seguintes funcións:*

a) Elaborar, de ser o caso, o Plan de convivencia do centro e as demais actuacións derivadas do desenvolvemento, seguimento, avaliación e revisión deste, así como as demais competencias da Comisión de convivencia, mentres non estea constituída.

b) Impulsar as actividades previstas no Plan de convivencia así como velar pola realización destas e polo cumprimento das normas de convivencia.

(artigo 8.1.- O equipo directivo > *Axentes responsables da convivencia escolar*)

- Garantir a participación na avaliación do Plan de convivencia de todos os sectores da súa comunidade educativa

(art. 16 .- Procesos de seguimento, avaliación e mellora do Plan de convivencia)

- Levar a cabo as actuacións necesarias para que o Plan de convivencia sexa coñecido, aplicado e valorado por todos os sectores da súa comunidade educativa.

- Levar a cabo as actuacións necesarias para difundir as normas de organización e funcionamento do centro e as normas de convivencia na comunidade educativa.

(art. 17.- Difusión do Plan de convivencia)

- Velar polo cumprimento das normas establecidas, xunto co Claustro de profesores e o Consello Escolar e a través da Comisión de convivencia.

- Levar a cabo as actuacións necesarias para difundir as NOF e as Normas de convivencia na comunidade educativa.

(art. 20.- Aplicación, difusión e seguimento das normas de organización e funcionamento e das normas de convivencia)

## **FUNCIÓNS DA DIRECCIÓN DO CENTRO EDUCATIVO (PERSONA TITULAR DA DIRECCIÓN, DIRECTOR/A, TITULAR CENTRO CONCERTADO)**

### **LEI 4/2011**

- Recibir comunicación dos membros da comunidade educativa cando se entenda a existencia de feitos que poidan ser constitutivos de delito. Tomar medidas cautelares oportunas e comunicación á Administración educativa e ao Ministerio Fiscal.

(art. 14 .- Clases de condutas contrarias á convivencia)

- Acordar a incoación do procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, por propia iniciativa ou por petición motivada ou denuncia de outros membros da comunidade educativa

- Adoptar motivadamente medidas provisionais, no propio acordo de incoación ou en calquera momento da tramitación do procedemento, por iniciativa propia ou por instancia do instrutor, de: cambio temporal de grupo ou suspensión do dereito de asistencia ao centro ou a determinadas actividades (período no su -

perior a 5 días)

- Ditar resolución motivada, se pronunciará sobre a conduta e impondrá a correspondente corrección e a obriga de reparar os danos producidos (de ser o caso). Esta resolución pon fin á vía administrativa e será inmediatamente executiva. Contra esta resolución cabe instar revisión ante o Consello Escolar (prazo 10 días lectivos)

(art. 25 .- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia)

Adoptar algunhas das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia, propias deste órgano e que non se poden delegar. A imposición destas medidas deberá comunicala ás familias antes de que sexan efectivas e á Comisión de Convivencia (*\*na lei pon Observ.Conv.Esc.centro non na normativa nova Decreto*)

(art. 26 .- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia)

- Adopción de medidas de protección integral (integridade e dignidade persoais e dereito á educación) á posible vítima dunha situación de acoso escolar
  - Designación dunha persoa responsable de atención á vítima entre os docentes do centro coa que garde relación de confianza ou proximidade.
- (art. 29 e 30 .- Referidos ás situacións de acoso escolar e ciberacoso e máis responsabilidades no Protocolo xeral de prevención, detección e tratamento deste)

## **FUNCIONS DA DIRECCION DO CENTRO EDUCATIVO (PERSONA TITULAR DA DIRECCION, DIRECTOR/A, TITULAR CENTRO CONCERTADO)**

### **DECRETO 8/2015**

- Respecto da Comisión de convivencia do centro:
    - o presidila
    - o nomear aos membros, propostos polos colectivos
    - o recibir a súa proposta de persoas que poden formar Equipos de Mediación
- (art. 6 .- A Comisión de convivencia)

- Funcións do director/a como axente responsable da convivencia:

2. O director, ademais das funcións que lle atribúe o artigo 132 da Lei orgánica 2/2006, modificada pola LOMCE, terá as seguintes funcións en materia de convivencia:

- a) Garantir as condicións para que exista no centro un axeitado clima escolar que favoreza a aprendizaxe e a participación do alumnado.
- b) Garantir o exercicio da mediación, a imposición de medidas correctoras e o desenvolvemento dos procesos e procedementos que se establecen neste decreto.
- c) Velar polo cumprimento das medidas correctoras por parte do alumnado.

3. De conformidade co artigo 132.f ) da Lei orgánica 2/2006, modificada coa LOMCE, correspóndelle ao director a imposición das medidas correctoras. O director

poderá delegar no xefe de estudos, no titor ou nun profesor esta competencia, nos termos que se establecen no artigo 44 do presente Decreto.

(artigo 8.2 e 8.3 .- O equipo directivo > Axentes responsables da convivencia escolar)

- Un representante da Xunta Autonómica de Directores de centros educativos formará parte do Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia

(artigo 10.3.i).- Consello para a convivencia escolar da Comunidade Autónoma de Galicia)

- Determinación das medidas a adoptar en caso de detección dunha situación de acoso escolar para poñerlle fin.

- Designación dunha persoa responsable da atención á vítima de entre o persoal docente do propio centro. Esta designación procurárase que, cando sexa posible, recaia sobre unha persoa coa que a vítima garde unha relación de confianza ou proximidade.

(art. 15.4.c).- Actuacións, medidas e programas favorecedores dunha convivencia de calidade)

- É o órgano competente para ditar a resolución pola que se acorda que un alumno ou alumna sexa atendido ou atendida na aula de convivencia inclusiva, garantindo, en todo caso, o trámite de audiencia aos pais, nais, titores ou titoras, si fora menor de idade non emancipado ou emancipada.

(artigo 25.3.- Aula de convivencia inclusiva)

- Poñer en coñecemento da administración educativa e dos corpos de seguridade correspondentes, ou do Ministerio Fiscal, Para o caso de comisión de actos que puidesen ser constitutivos de delito ou falta penal, a instancia propia ou de calquera membro da comunidade educativa, sen prexuízo de tomar as medidas preventivas oportunas.

(art. 33.3.- Clases de condutas contrarias á convivencia)

- Comprobar, cando a persoa instrutora dun procedemento corrector propoña a medida correctora de cambio de centro, que se cumpren os requisitos establecidos e as circunstancias ao respecto circunstancias, e comunicar inmediatamente a proposta á xefatura territorial correspondente, achegándolle o expediente do devandito procedemento corrector.

(art. 40.4.- A proposta de cambio de centro> medida correctora excepcional)

- Impoñer, por proposta do instrutor do procedemento corrector, as medidas correctoras das condutas gravemente prexudiciais, de conformidade cos procedementos previsto no Decreto.

- Constatar que se produciu un cambio positivo na actitude e conduta dun alumno/a para poder ser readmitido nas clase ou no centro antes de cumprir todo o tempo de suspensión.

(art. 41.- Aplicación das medidas correctoras)

- Responsable para decidir e impoñer as medidas correctoras concretas, referidas á suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases e/ou ao centro por un período de tempo de ata 3 días lectivos.

- Delegar a imposición doutras medidas en outros membros da comunidade educativa.

(art. 44.- Responsables da aplicación das medidas correctoras)

- Recibir escrito amosando desacordo coa aplicación das medidas concretas referidas á suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases e/ou ao

centro por un período de tempo de ata 3 días lectivos, no prazo de 2 días e analizar e valorar as alegación presentadas para ratificar ou rectificar a medida correctora, sendo inmediatamente executiva. Presentado polo propio alumnado ou se fosen menores non emancipados polos seus proxenitores ou representantes legais

(art. 45.- Solicitud de revisión e execución de medidas)

- Decidir a instrución e o procedemento que se vai seguir en cada caso, logo da recollida da necesaria información.
- Informar ao docente-titor da alumna ou alumno corrixido e ao Consello Escolar das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia que foran corrixidas.

(art. 46. Procedementos de corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia do centro)

- Acordar, se o considera necesario, a apertura no máximo de 2 días lectivos dende o coñecemento dos feitos, dun período de información previa, co fin de coñecer con máis exactitude as circunstancias concretas nas que se produciu a conduta que se vai corrixir, e a oportunidade ou non de aplicar o procedemento conciliado
- Analizar e valorar a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais do alumnado a corrixir e os seus antecedentes en relación á convivencia escolar, asesorado, de ser o caso, polo persoal especialista en orientación e polo docente titor deste.
- Adoptar as medidas correctoras provisionais que considere convenientes, ao iniciarse o procedemento ou en calquera momento da súa instrución, á vista das repercusións que a conduta da alumna ou do alumno puidese ter na convivencia escolar (cambio temporal de grupo, suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases ou actividades ou ao centro por un período que non será superior a tres días lectivos)
- Determinar o procedemento de corrección máis axeitado para cada caso, logo das conclusións obtidas na valoración e tendo presente que, sempre que concurran as circunstancias necesarias, propiciárase a corrección das condutas gravemente prexudiciais para a convivencia mediante o procedemento conciliado e procurar a reparación voluntaria dos danos materiais ou morais producidos.

(art. 47.- Determinación do procedemento de corrección)

- Notificar por escrito a conduta merecedora de corrección, no prazo de tres días lectivos, contados dende que se tivo coñecemento desta, ao alumnado ou aos seus proxenitores ou representantes legais, darlles a posibilidade do procedemento conciliado se cumpren os requisitos e informarlles das súas peculiaridades e das obrigas que comporta, ou de non proceder este notificar a utilización do procedemento común para a súa corrección.
- Recibir resposta por escrito da aceptación ou non do procedemento conciliado, no prazo dun día lectivo seguinte á recepción da notificación. De non comunicárselle nada aplicar o procedemento común.
- Designar un docente para que actúe como instrutora ou instrutor do procedemento corrector, con independencia do se vaia utilizar. Procurar que a persoa instrutora teña un bo coñecemento do centro e da súa comunidade educativa e, a ser posible, que teña experiencia ou formación en convivencia escolar, mediación e na resolución de conflitos no ámbito escolar.

Recibir da persoa instrutora a proposta das medidas provisionais a adoptar, das medidas correctoras e das educativas reparadoras que procedan ou a proposta do arquivo das actuacións, se logo das indagacións realizadas estima que non procede corrixir a conduta. (art. 48.- Inicio do procedemento de



corrección)
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Convocar, no máximo de 1 día, ás persoas afectadas nun procedemento corrector conciliado a unha reunión.</li> <li>- Ratificar o acordo consensuado polas partes nun procedemento conciliado. (art. 50.- Desenvolvemento do procedemento conciliado)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Ditar resolución escrita do procedemento de corrección, en vista da proposta da persoa instrutora, cun contido mínimo.</li> <li>- Notificar por escrito, nun prazo de 1 día lectivo dende a recepción da proposta, a resolución adoptada ao alumnado e/ou aos seus proxenitores.</li> <li>- Remitir a resolución adoptada á xefatura territorial correspondente.</li> <li>- Poder sufrir revisión das correccións que impoña, en relación ás condutas gravemente prexudiciais para a convivencia, por parte do Consello Escolar e a instancia do alumnado o dous seus proxenitores (art. 54.- Resolución do procedemento de corrección, reclamacións e execución de medidas)</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Para os efectos de axilizar o procedemento de corrección de condutas contrarias á convivencia, sen prexuízo do cumprimento da normativa en materia de notificacións administrativas, as direccións dos centros, en primeiro termo, citarán telefonicamente, ou mediante calquera outro medio informático ou telemático admitido en dereito, á propia alumna ou alumno, implicada ou implicado, ou, no caso de ser menores de idade, aos proxenitores ou representantes legais destes, para unha comparecencia persoal co obxecto de facerlles entrega das notificacións que sexan pertinentes no desenvolvemento do procedemento de que se trate, segundo o previsto neste Decreto. (Disposición adicional primeira. <i>Actuacións para axilizar a tramitación dos procedementos correctores</i>)</li> </ul>

<b>FUNCIÓNS DA XEFATURA DE ESTUDOS</b>	
<b>LEI 4/2011</b>	<b>DECRETO 8/2015</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Medida para corrixir unha conduta leve contraria á convivencia: A comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a X.Estudos ou persoa que exerza funcións equivalentes nos centros concertados (art. 22 – Medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia)</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>- Funcións do xefe/a de estudos como axente responsable da convivencia:</li> </ul> <p><i>4. Ao xefe de estudos correspóndenlle as seguintes funcións, en materia de convivencia:</i></p> <ul style="list-style-type: none"> <li>a) Coordinar e dirixir as actuacións establecidas no Plan de convivencia do centro e nas normas de convivencia do centro.</li> <li>b) Velar polo desenvolvemento coordinado e coherente das actuacións establecidas no Plan de convivencia e das actuacións relativas á mellora da convivencia reflectidas nos respectivos plans de acción tutorial e de atención á diversidade do centro.</li> <li>c) Promover o exercicio da mediación que se leve a cabo no centro.</li> </ul>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Presentar petición motivada á persoa titular da dirección do centro para que incoe o procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia (art. 25 .- Procedemento para a imposición de medidas correctoras</li> </ul>	

<p>de condutas gravemente prexudiciais para a convivencia)</p>	<p>d) Organizar a atención educativa ao alumnado ao que se lle suspendese o dereito de asistencia á clase, no marco do disposto nas normas de organización e funcionamento do centro.</p>
<p>- Recibir información ou conta por parte do profesorado ou do titor/a do alumnado sobre as medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia que poida impoñer este directamente (medidas concretas)</p>	<p>(artigo 8.4.- O equipo directivo &gt; <i>Axentes responsables da convivencia escolar</i>)</p>
<p>- Adoptar algunhas das medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia, propias deste órgano ou por delegación (non exclusivas da dirección) (art. 26 .- Procedemento para a imposición de medidas correctoras de condutas leves contrarias á convivencia)</p>	<p>- Unha das medidas correctoras das condutas leves contrarias á convivencia é a comparecencia inmediata ante a Xefatura de Estudos (art. 43.b).- Medidas correctoras)</p>
	<p>- Recibir explicacións do profesorado ou do titor/a sobre a imposición dalgunha das medidas concretas que delegue a dirección do centro neste. (art. 44.1.c).- Responsables da aplicación das medidas correctoras)</p>

## **FUNCIÓNS DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN EN MATERIA**

### **DE CONVIVENCIA LEI 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.**

#### **Artigo 19. Programas e actuacións complementarias ás medidas correctoras**

1. O departamento de orientación de cada centro docente elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente. Así mesmo, elaborará e desenvolverá un programa de habilidades sociais para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras previstas nesta sección, se vexa temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

2. Estes programas aplicaranse en colaboración co profesorado titor e, de ser o caso, cos servizos sociais, e procurarán implicar o resto do profesorado e as familias para lograr, conxuntamente, o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

#### **Disposición adicional sétima. Escolas de nais e pais.**

A Administración educativa impulsará nos centros educativos a creación de escolas de nais e pais, contando cos recursos humanos dos departamentos de orientación e dos centros de formación, para fomentar a participación das familias no proceso educativo e mellorar a convivencia.

### **Decreto 8./2015, do 8 de xaneiro, polo que se desenvolve a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa en materia de convivencia escolar**

#### **Artigo 6. A Comisión de Convivencia**

5. Cando a Comisión de Convivencia o considere oportuno, e co obxecto de que informen no ámbito das súas respectivas competencias, poderá solicitar o asesoramento dos/as profesionais do Departamento de Orientación que interveñen no centro, do profesorado titor relacionado co tema que se analice, do educador ou educadora social do concello onde se atope o centro educativo ou doutros ou doutras profesionais segundo a problemática de que se trate, así como das asociacións do sector que poidan colaborar na mellora da convivencia.

#### **Artigo 24. Medidas complementarias para a mellora da convivencia**

1. O Departamento de Orientación de cada centro elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia, dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente.

Así mesmo, elaborárase e desenvolverase un programa que contribúa á adquisición de habilidades e competencias sociais específico para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro. Este programa aplicarase coordinadamente entre o Departamento de Orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente, o desenvolvemento axeitado do proceso educativo e das accións propostas.

2. Poderán desenvolverse ademais, programas que supoñan a incorporación de aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres

#### **Artigo 25. Aula de convivencia inclusiva**

2. O Plan de convivencia incluírá, en relación coa aula de convivencia, os seguintes aspectos:

b) Profesorado que atenderá educativamente a aula de convivencia inclusiva, dentro do seu horario regular de obrigada permanencia no centro, podendo ser profesorado de garda. Para a atención da aula de convivencia poderase contar coa **colaboración do Departamento de Orientación**. En todo caso, correspóndelle ao profesorado encargado da aula de convivencia inclusiva supervisar as medidas e actuacións propostas para o alumnado.

c) Programación das **actuacións do Departamento de Orientación** do centro encamiñadas a favorecer un proceso de reflexión por parte do alumnado atendido na aula de convivencia inclusiva, que favorezan actitudes responsables e condutas positivas para a convivencia.

#### **Artigo 32. Principios xerais (Condutas contrarias á convivencia escolar e medidas de co-**

*rrección)*

4. Nos casos en que fose necesario, realizarase a oportuna **asistencia e orientación psicopedagóxica** ás vítimas e ás persoas agresoras.

**Artigo 47. Determinación do procedemento de corrección**

2. A Dirección do centro, asesorado, de ser o caso, pola persoa que ostente a xefatura do departamento de orientación e polo profesorado titor/a da alumna ou do alumno á/ao que se vai corrixir, analizará e valorará a conduta producida tendo en conta como se produciu, a idade e as circunstancias persoais, familiares ou sociais da/o alumna/o e os seus antecedentes en relación á convivencia escolar.

**FUNCIÓN IMPORTANTE (non recollida explicitamente, pero dentro das funcións do DO: ASESORAMENTO PERMANENTE EN CALQUERA MATERIA NA QUE TEÑA COMPETENCIA**

<b>CEIP Ponte de Xuvia</b>								
<b>PARTE DE INCIDENCIAS</b>		<b>Nº Informe</b> <i>(a cumprimentar pola XE)</i>		<b>Curso</b>				
<b>Profesor/a</b>		<b>Data</b>	/ / 201__					
<b>Área</b>		<b>Hora</b>	1 <sup>a</sup>	2 <sup>a</sup>	3 <sup>a</sup>	R	4 <sup>a</sup>	5 <sup>a</sup>
<b>Alumno /a (Apelidos e nome)</b>								
<b>Curso e grupo</b>								
<b>Motivos do parte</b>								
(En caso doutro tipo de incidencia, explicar con precisión a súa natureza, lugar e momento)								

- A reiterada asistencia ao centro sen o material e equipamento preciso para participar activamente no desenvolvemento das clases.
- Non participar e poñer en cuestión as actividades da aula orientadas ao desenvolvemento dos planos de estudo.
- Rexeitar seguir na aula as orientacións do profesor ou profesora respecto da súa aprendizaxe.
- Falta de respecto ao exercicio do dereito ao estudo dos seus compañeiros.
- Actos inxustificados que perturban o normal desenvolvemento das actividades lectivas, sempre que non alcancen a gravidade requirida.
- Discriminar a un membro da comunidade educativa por razón de nacemento, raza, sexo, ou por calquera outra circunstancia persoal ou social, sempre que non alcancen a gravidade requirida.
- Deterioro ou dano causado intencionadamente, das dependencias da aula, do material desta, ou dos obxectos e pertenzas doutros membros da comunidade educativa.
- Acto de indisciplina, inxuria, ofensas, respecto e consideración ao/á profesor/a e/ou compañeiros de estudos (subliñar o que proceda), sempre que non alcancen a gravidade requirida.
- Actos de desafío a autoridade do profesorado e ao persoal de administración e servizos que non supoña unha indisciplina grave.
- Agresión física contra un membro da comunidade educativa (profesor/a, compañeiros de estudos, persoal non docente...).
- Portar calquera obxecto, substancia ou produto expresamente prohibido polas normas do centro (perigoso para a saúde ou integridade persoal dos membros da comunidade educativa), cando non constituía conduta gravemente prexudicial para a convivencia
- Falta de asistencia inxustificada á clase e as faltas reiteradas de puntualidade, nos termos establecidos nas normas de convivencia do centro.
- Outro (especificar): .....

**Breve exposición de feitos:**

.....

.....

.....

.....

.....

**Seguir no dorso**

<b>Si-</b> <b>natura do profesor/as</b>
--

**Observacións:**

### Medidas adoptadas 1

(En caso de aplicar outro tipo de medidas, que poidan ser contempladas na normativa, especificar)

- Amoestación privada ou por escrito do profesor.
- Amoestación privada ou por escrito do titor.
- Chamada telefónica aos pais. Entrevista co titor.
- Comparecencia inmediata ante a persoa que ocupe a Xefatura de Estudos.
- Amoestación por escrito. Citación aos pais para manter entrevista co titor e xefe de estudos.
- Realización de traballos específicos en horario lectivo
- Realización, en horario non lectivo, de tarefas que contribúan á mellora e desenvolvemento das actividades do centro.
- Suspensión do dereito a participar nas actividades complementarias e extraescolares do centro por un período de ata 2 semanas.
- Cambio de grupo por un período de ata 1 semana.
- Comparecencia ante o director/ comisión de convivencia para aplicación de sanción.
- Suspensión do dereito de asistencia a determinadas clases, por un período de ata 3 días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Suspensión temporal do dereito de asistencia ao centro por un período de ata tres días lectivos. Durante o tempo que dure a suspensión, o alumnado deberá de realizar os deberes ou traballos que se determinen para evitar a interrupción no proceso formativo.
- Outras medida (especificar): .....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

.....

*Sinatura do xefe de estudos*

**Observacións:**

1.- Este reverso será cuberto polo profesor, o titor, ou o xefe de estudos, de consideralo oportuno, en cada caso, e asinado polo xefe de estudos para o seu arquivo

2.- *Diante de calquera dúbida, consultar a Lei 4/2011, do 30 de xuño, de convivencia e participación da comunidade educativa.*

**PROGRAMA DE HABILIDADES SOCIAIS, RESOLUCIÓN DE CONFLICTOS E INTELIXENCIA EMOCIONAL**

**1.- XUSTIFICACIÓN**

Segundo o Artigo 24. do DECRETO 8/2015, do 8 de xaneiro o departamento de orientación elaborará e desenvolverá un programa que contribúa á adquisición de habilidades sociais por parte do alumnado como complemento das medidas correctoras das condutas contrarias á convivencia. Incorporáanse ademais aspectos relacionados co autoconcepto e a autoestima, a xestión pacífica de conflitos, a dinámica de grupos, traballo cooperativo, educación afectivo-sexual e a igualdade entre homes e mulleres, cun fin preventivo dos conflitos escolares.

**2.- DESTINATARIOS**

Este programa está dirixido ao alumnado que incorra reiteradamente en condutas disruptivas, coa finalidade de mellorar a súa integración no centro docente e para aquel alumnado que, como consecuencia da imposición das medidas correctoras, estea temporalmente privado do seu dereito de asistencia ao centro.

Poderán ser tamén destinatarios aqueles alumnos e alumnas que cumpran o perfil de baixas Habilidades Sociais que os titores e o departamento de orientación propoñan. A proposta presentarse na CCP e deberá contar tanto co visto e prace desta como do Equipo Directivo do centro no seu conxunto e coa conformidade da familia.

**2.- OBXECTIVOS**

Programa de Desenvolvemento da Intelixencia Emocional

- Lograr unha autoconciencia emocional
- Conseguir un axeitado control das emocións



- Desenrolar a empatía como comprensión das emocións dos demais
- Mellorar as relacións interpersoais
- Comprender a utilidade de canalizar os propios sentimentos para que exista unha efectiva comunicación.

#### Programa de Solución de Conflitos Interpersoais

- Percibir as situacións que orixinan o conflito coas demais persoas
- Adquirir maior flexibilidade xerando unha ampla gama de solucións
- Aprender a prever as consecuencias dos propios comportamentos e os alleos.
- Conseguir poñer en práctica a mellor solución elixida.

#### Programa de Habilidades Sociais

- Aprender distintas técnicas que facilitan a comunicación asertiva.
- Dar importancia aos compoñentes non verbais que se producen na comunicación.
- Entender as diferentes habilidades sociais básicas e a súa aplicación práctica.
- Diferenciar os diferentes contextos onde se produce a comunicación dentro do centro escolar e saber controlar o modo de dirixirse aos demais en cada un deles.
- Adquirir conciencia dalgunhas habilidades sociais máis avanzadas.

### **3.- CONTIDOS**

#### Contido do programa Desenvolvendo a Intelixencia Emocional

##### ➤ **Coñece a túa autoestima e as túas emocións**

Preséntanse preguntas sinxelas sobre a autoestima, sobre as emocións que sente o alumno e situacións prácticas acerca de como debería actuar ante determinadas emocións propias e dos demais. Preténdese que exterioricen os seus sentimentos con respecto a si mesmos e ao comportamento dos compañeiros de clase.

##### ➤ **Como te sentes?**

Explícanse as emocións, os sentimentos e estados de ánimo, propoñendo exemplos nas que o alumnado debe identificar a emoción que se experimenta nas diferentes situacións. Inclúense contidos sobre intelixencia social: expresar adecuadamente as vivencias emocionais e detectalas nos demais.

##### ➤ **Emocións... non moi boas**

Preséntanse as emocións negativas que afectan o noso estado de ánimo e ás relacións interpersoais como a ira, os celos, o desánimo, o enfado, a ansiedade, a tristeza... Se exemplifican situacións nas que o alumno debe identificar a emoción. Adéstrase para aprender a cambiar as emocións negativas noutras positivas.

##### ➤ **Emocións... das boas**

Preséntanse as emocións positivas e as súas características, as cales inflúen na autoconfianza, autoestima e automotivación: a alegría, a xenerosidade, a paciencia...

### ➤ **Como se senten os demais? A empatía**

Ser empáticos permítenos comprender o que senten as persoas coas que nos relacionamos e poder adoptar o seu punto de vista e resolver os conflitos de entendemento. Esixe aprender a percibir os signos emocionais nos demais e aprender a interpretalos.

### ➤ **Aprendo as habilidades emocionais**

Este bloque está formado por 31 habilidades de intelixencia emocional aplicándoas a situacións prácticas e cotiás

### ➤ **Soluciono eu os problemas cos demais**

Propóñense pautas de afrontamento segundo o modelo de solución de conflitos

### ➤ **Aprendo a comunicarme ben**

Ensinamos aos alumnos normas sobre como debe ser o contido e as formas das conversacións que se producen cos amigos, compañeiros e adultos.

### Contido do Programa de Solución de Conflitos Interpersoais

- Respecto aso nenos e nenas de clase
- Insultos... non
- Xogar... con todos
- É mellor sen pelexarse
- Respetar as cousas dos demais.
- Non debemos fastidiar a ninguén
- Chamar a atención para...
- Enfados... Non, grazas!
- Cando estamos nerviosos/as
- Facer amigos e amigas
- Problemas de todas as clases
- Consellos para solucionar os problemas cos demais.

### Contidos do Programa de Habilidades Sociais e Comunicativas

- A comunicación: Aspectos básicos da comunicación verbal e non verbal.
- Primeiras habilidades sociais: escoitar, iniciar unha conversa, manter unha conversa, formular unha pregunta, dar as grazas.
  - Asertividade: autoafirmacións positivas
  - Pedir axuda.
  - Participar.
  - Dar instrucións.
  - Seguir instrucións.

➤ Desculparse.

#### **4.- METODOLOXÍA**

Estes programas aplicaranse coordinadamente entre o departamento de orientación e o profesorado titor, que procurarán implicar o resto do profesorado e as familias e, de ser o caso, os servizos sociais correspondentes, para lograr conxuntamente o desenvolvemento adecuado do proceso educativo e das accións propostas.

As situacións que se propoñen para a identificación das emocións deben complementarse coas que realmente viven os propios alumnos. Deben traballarse aquelas que sexan as que realmente ocasionen problemas de convivencia no centro. É dicir, non é necesario tomar o programa de forma ríxida, senón escoller aquelas unidades que poden sernos de maior utilidade ou incluso collelas sen seguir a orde establecida.

O método de traballo que imos seguir será eminentemente práctico, traballando con diferentes tipos de ferramentas: as dinámicas de grupo, o programa estruturado en actividades tipo "ficha", e complementando con algunhas técnicas de adestramento en habilidades sociais. Entre estas pódense destacar:

**Modelado:** É a representación por parte do educador dunha situación social que require poñer en práctica a habilidade para adestrar cos pasos conductuais que a compoñen.

**Xogo de roles:** O suxeito, unha vez percibida a utilidade da habilidade representada para a súa vida real, reproduce da forma máis fiel posible o rol que se lle asignou.

**Retroalimentación:** Realizarase tanto por parte do educador como dos compañeiros e será fundamentalmente positiva xa que os comentarios acompañaranse de mensaxes construtivas, a formulación convértese nun reforzamento.

**Transferencia e mantemento:** A transferencia refírese á xeneralización das condutas aprendidas, e o mantemento á persistencia desas condutas ante as distintas situacións que en diferentes contextos poidan darse. Esta última parte realizarase a través do seguimento semanal do alumno no centro.

Con respecto ás actividades propostas en fichas, é importante que o profesor facilite a lectura dos textos aos alumnos que non dispoñan aínda das suficientes habilidades lectoescritoras. En caso de alumnos que non len nin escriben con seguridade deberá facerse uso da canle auditivo-verbal para obter maior eficacia do material gráfico, fomentando a expresividade. É aconsellable que o titor ou titora dirixan as sesións didácticas.

#### **5.- ACTIVIDADES**

A maior parte das actividades propostas inclúense nos manuais do apartado de Bibliografía, custodiados no Departamento de Orientación. Trátase de exercicios de "lápiz e papel" que deben ser complementados con diferentes metodoloxías propostas no apartado anterior.

## **6.- TEMPORALIZACIÓN**

As sesións realizánsense en horario lectivo ao longo do curso e a duración das sesións será de 50 minutos. O número de sesións será a que titores e D.O consideren convenientes, sempre tendo en conta o avance ou non do alumno, as súas necesidades e a opinión da xunta de profesores que lle imparte clase.

## **7.- AVALIACIÓN**

A avaliación levará a cabo ao longo de todo o proceso para coñecer como se está desenvolvendo e introducir as modificacións oportunas para a mellora do programa. O Departamento de Orientación e o profesorado, nas súas clases, avaliarán os seguintes indicadores de comportamento:

### Intelixencia Emocional

- Recoñece e identifica emocións comprendendo as causas que as producen
- Consegue maior tolerancia á frustración e mellor manexo das emocións negativas
- Aumenta a capacidade de escoita activa sendo sensible cara os sentimentos e problemas dos demais
- Fai propostas axeitadas para a solución de conflitos

### Solución de conflitos

- Identifica as situacións que orixinan os conflitos
- É quen de aportar a lo menos tres solucións pacíficas aso conflitos
- Aprende as vantaxes e desvantaxes de cada solución sendo capaz de previr consecuencias
- Tras emitir a conduta, o alumno autoavalía a súa resposta

### Habilidades Sociais

- modo de iniciar e manter conversacións e de escoitar aos demais durante o transcurso da mesma.
- A maneira de expresar e responder a manifestacións tanto positivas como negativas dunha forma adecuada.

➤ A diminución de chamadas de atención por parte do alumnado en contextos de comunicación non propicios e en momentos inadecuados.

➤ A forma de dirixirse aos demais e de establecer relacións interpersoais positivas para todos os implicados no proceso de comunicación. Por outra, o alumnado realizará un diario persoal que recolla o contido tratado en cada sesión e a avaliación desta.

## **8.- BIBLIOGRAFÍA BÁSICA**

VALLLÉS ARÁNDIGA, A. y VALLES TORTOSA, C. (1999) "Método EOS: Desarrollando la Inteligencia Emocional I (1º Ciclo)". EOS, Madrid

VALLLÉS ARÁNDIGA, A. y VALLES TORTOSA, C. (1999) "Método EOS: Desarrollando la Inteligencia Emocional II (2º Ciclo)". EOS, Madrid

VALLLÉS ARÁNDIGA, A. y VALLES TORTOSA, C. (1999) "Método EOS: Desarrollando la Inteligencia Emocional II (3º Ciclo)". EOS, Madrid

VALLLÉS ARÁNDIGA, A. y VALLES TORTOSA, C. (1999) "Método EOS: Solución de Conflictos Interpersonales I (2º Ciclo)". EOS, Madrid

VALLLÉS ARÁNDIGA, A. y VALLES TORTOSA, C. (1999) "Método EOS: Solución de Conflictos Interpersonales II (3º Ciclo)". EOS, Madrid

VALLLÉS ARÁNDIGA, A. (1999) "Método EOS: Refuerzo de las Habilidades Sociales I (2º Ciclo)". EOS, Madrid

VALLLÉS ARÁNDIGA, A. (1999) "Método EOS: Refuerzo de las Habilidades Sociales II (3º Ciclo)". EOS, Madrid

Outros títulos útiles

ESTÉVEZ, C. (2015) "Inteligencia emocional" CCS

PÉREZ FERNÁNDEZ, M. J. (2014) "Trabajando Habilidades Sociales Básicas" GEU Editorial

VIDAL, M(2004)"Crecer y aprender. Habilidades sociales y emocionales" 3 años, 4 años, 5 años. ICCE Madrid